

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N. 268 ● 25 DE ABRIL DO 1985 ● 75 PTA.

Entrevista

José Afonso: "O cidadán político é indisociábel do cantor"

Zeca Afonso, o cantor símbolo do 25 de abril, cando menos desde a perspectiva que tivemos desde Galiza, falou para A NOSA TERRA, pesie á importante enfermidade que o acosa. Unha entrevista que pon de manifesto os conceptos que sempre sostivo o autor de "Grândola" e que se completan co artigo do seu amigo e compañeiro en moitas actuacións Benedito, que lembra os difíceis tempos en que lles tocou traballar xuntos.

(Páx. 10 e 11)



Dous novos expulsados na INTG

A Dirección Nacional da INTG ven de realizar dúas novas expulsións, as de Xesus Arrizado e Xosé Luis Muruzabal, que se veñen a sumar ás xa coñecidas de Agustín Malvido e Fernando Acuña.

Ao mesmo tempo veñen de ser nomeadas xestoras en Vigo e Lugo, nomeamentos que son duramente criticados polo sector minoritario da central nacionalista.

(Páx. 8)

III Xornadas Agrarias

A pequena agricultura e a CEE protagonistas

Durante tres días os mellores especialistas do país renovaron a análise sobre o noso campo e as alternativas que lle abran o futuro, facendo especial fincapé nos efectos que vai traer a entrada do Estado español na CEE.

(Páx. 7)

Guerra da Cal lembra ao poeta Serafim Ferro

O profesor Ernesto Guerra da Cal, en resposta a un xa lonxano artigo de Manuel Hortas Vilanova, que reclamaba noticias sobre o poeta Serafim Ferro, conta e analiza os avatares da vida deste home, descoñecido para a maioría, e que o profesor Guerra da Cal arrefece na nosa memoria.

(Páx. 20)

Axúdanos a facer o Especial das Letras

Neste Ano Internacional da Mocidade imos adicar o noso especial das letras precisamente aos xóvenes. Se tes menos de 23 anos pódete animar a colaborar no noso especial, sempre e cando non escribas máis de 3 fólíos mecanografiados a dobre espazo. O tema é libre. Vale creación, actualidade ou a análise das cuestións que máis preocupan á mocidade. Animo, o especial das letras é para vós, os e ás xóvenes



O aborto, esa realidade ilegal

Entrevista a Pere Enguix

Tribuna de Teresa Conde-Pumpido

As mulleres que abortan

(Páx. 3 e 4)

Josep Capellá

Pédenlle máis de trece anos de condena

Xulga^amento aos obreiros

Traballadores de ASCON á saída do xuízo na Audiencia de Pontevedra. (Páx. 9)

Delmi Alvarez



O aborto, esa realidade ilegal



po aduce: fallos no preservativo, "descuido" en meses de descanso, etc...

Un terceiro grupo, entre 25 e 35 anos, maioritariamente profesionais, sector servícos, paradas etc., sinala como causa: fallo de anticoncepción.

A procedencia de clase é moi variada, dependendo de quen as envíe. Así dun centro de saúde vai moita muller do rural e a través das asociacións de viciños, mulleres de barrio, amas de casa fundamentalmente.

A ideoloxía é moi variada: desde pais conservadores que levan ás súas fillas (16-18 anos), estes aínda que nerviosos saben que hai que axudar a "librarse da situación", ate xente que está contra a despenalización legal e cando se ven no caso víveno como unha situación de inxusticia.

Non hai un "arquetipo" de muller que aborte

Por razóns obvias é moi difícil facer unha estadística sobre as mulleres que abortan. Os grupos feministas sinalan non ostante que non cabe falar dun "arquetipo" de muller que aborte, senón que acontece en todas as clases, idades e condicións.

Tamén se pode xeralizar que existe unha gran carencia de información, e que inflúen factores tan decisivos como a ausencia de traballo e/ou casa e o feito de que o aborto non só está penalizado nas leis, senón tamén na "conciencia social".

Sobre as condicións nas que se realizan os abortos, as feministas sinalan o feito de que sexan no extranxeiro, "en serie" e sen gran preocupación, no mellor dos casos, pola "saúde mental" da "abortante"; todo acostuma a resultar moi medicalizado, mecanizado, e onde se nota "descaradamente" o negocio.

Indican tamén que xa hai algún tempo que non teñen casos de mulleres que volten en máis situacións de saúde; e isto grácias ao control dos enderezos, algúns dos cais tiveron que ser suprimidos.

As razóns polas que se producen os embarazos serían a desinformación, fallos, descontrol, irresponsabilidade. E tamén, como razón principal e máis grave, a sexualidade que se practica: o coito como exclusiva e única forma de sexualidade. Apontando por último a responsabilidade masculina que incurre en moitos casos.

Abortos para pequenos círculos

A marxe deste informe a AGM denunciou recentemente a existencia, tanto en Compostela como na Coruña, de médicos que realizan abortos para círculos restrinxidos, por 100.000 ou 150.000 pesetas.

Informando tamén de que deputados de AP e concelleiros do PSOE tiñanlles enviado persoas que solicitaron enderezos onde poder interromper o embarazo.

No tocante aos médicos, representantes da AGM afirmaron que algúns deles negáanse a facilitar anticonceptivos na consulta pública, como a colocación do DIV, e fanno na privada por 15.000 ou 20.000 pesetas.

M.V.

Unha senténcia de enredo

TERESA CONDE-PUMPIDO

A senténcia do Tribunal Constitucional sobre a despenalización do aborto en determinados casos, ten creado na xente unha tremenda confusión, e non só porque segundo AP gañaron eles, e segundo o Goberno a vitoria foi súa, sen porque ao principio só nos contaran que o proxecto fora declarado inconstitucional, para a continuación dicírnos que o aborto si era constitucional; o que pasa é que a senténcia é tamen verdadeiramente contraditoria. Tentamos aquí de facela comprensíbel.

A senténcia foi gañada por seis maxistrados, polo voto de calidade do Presidente, mentres outros seis maxistrados estaban en contra da mesma; pero o certo é que os doce maxistrados chegan á conclusión de que o aborto pode ser despenalizado.

A senténcia estima que a vida é un proceso que comeza coa xestación a cal xera algo diferente da vida da nai, pero que a relación entre a nai e o feto é tan especial que non pode ser comparado con nengunha outra no ámbito xurídico, polo que ten especial transcendencia o intre a partir do cal o feto pode vivir independentemente da nai. Por iso, entende que a vida do feto é un ben que debe ser protexido, pero, que o artigo 15 da Constitución que di: "Todos teñen dereito á vida..." non inclúe os fetos como titulares de tal dereito, senón que, conforme á declaración Universal de Dereito Humanos, tal dereito refírese ás persoas xa nadas.

Isto ten especial transcendencia, por canto a nai si que é titular do dereito á vida, o cal, segundo o tri-

A decisión do alto tribunal é valorada por algúns como unha nova concesión á dereita por parte do PSOE, ao tempo que o propio PSOE se podería ver beneficiado dunha imaxe de "faise o que se pode facer", diante do seu eleitorado.

Estudo realizado polo movemento feminista

As mulleres que abortan

O 11 de Abril o Tribunal Constitucional aceptaba o recurso de Alianza Popular sobre o aborto, ao considerar que non existían garantías abondo para facer cumprir e controlar que só se realizasen abortos nos tres supostos presentados pola lei do PSOE.

A marxe das vicisitudes desta lei, nidiamente connotada de restritiva por outra banda, o aborto é unha realidade, nunca desexada por nengunha muller, pero en último caso evidente. Os grupos feministas seguen a denunciar, entre tanto, as dificultades impostas por algúns médicos para o emprego de anticonceptivos, a falta de información e outros moitos factores que a continuación se detallan, dentro deste amplo informe.

A continuación damos conta dun pequeno informe en base aos datos recollidos polas organizacións feministas do noso país. As breves conclusións refírense, concretamente, a un estudo sobre 83 casos de mulleres que teñen acudido, nos meses de marzo, abril e maio de 1983 ás organizacións feministas para pedir enderezos para abortar. O estudo inclúe cuestións tais como: por medio de quen se poñen en contacto co movemento feminista, idades, profesións, lugar do aborto, custo do mesmo, infeccións, incidencia de embarazo na primeira relación sexual etc.

Segundo os datos recollidos pola Asociación Galega da Muller de Santiago, o lugar para abortar, maioritariamente, é Londres. O prezo do aborto oscila entre 22 e 25 mil pesetas. A viaxe, normalmente en charter, pode saír en 20 mil. As idades medias están entre os 20 e os 30 anos. Contabilízanse estudantes, amas de casa e obreiras. Algunhas con dous ou tres fillos, casadas na maior parte dos casos. As zonas de residencia son Santiago e arredores.

Na Coruña, en tres meses hai 30 mulleres rexistradas. A maioría casadas e procedentes do rural, sen experiencia con métodos de anticoncepción. Sete son estudantes e a maior parte amas de casa. Foron enviadas polo Centro de Planning Municipal, Centro de Saúde, xinecólogos privados, Asociacións de Viciños etc... Todas elas con coñecemento do noivo ou marido. Nengunha desexa que se entere ninguén. Todas teñen problemas económicos, pedindo prestado o diñeiro para o aborto, en moitos casos. Rexístase a excepción dunha prostituta de 20 anos.

Ademais destes casos a Asamblea de Mulleres da Coruña indica que hai outros tantos casos dos que non con-

trolan os datos, estimando que dan aproximadamente uns 30 enderezos ao mes.


As mulleres que peden as direccións van normalmente con medo, inseguridade, sen nengunha información sobre como é un aborto. Nunha alta porcentaxe son mulleres casadas e con fillos, con problemas económicos -dificilmente os cartos lle dan para ir a Londres- e non adoitan a levar a cabo prácticas anticonceptivas.

Outra porcentaxe son mozas, na meirande parte dos casos non usan anticonceptivos, porque non saben ou porque non saben como conseguilos; un pequeno sector deste gru-

PORCENTAXES POR ACTIVIDADES:		
(37,34 por cen)	ESTUDANTES	31 (37,34)
	PARADAS	7 (8,43)
	AMAS DE CASA	13 (15,66)
(48,19 por cen)	TRABALLADORAS DO SECTOR SERVICIOS (1)	15 (18,07)
	OBREIRAS	5 (6,02)
	ENSINANTES (2)	7 (8,43)
(12,04 por cen)	AUTONOMAS	1 (1,20)
	FUNCIONARIAS	1 (1,20)
	MEDICAS	1 (1,20)
	SIN ESPECIFICAR	2 (2,40)

PORCENTAXE POR EDADES:		
(63,85 por cen)	-18 ANOS	7 (8,43)
	DE 19 A 25	46 (55,42)
	DE 26 A 30	18 (21,68)
(34,93 por cen)	+ DE 31	11 (31,25)
	SIN ESPECIFICAR	1 (1,20)

INFECCIONS IMPORTANTES PRODUCIDAS POR ABORTOS FEITOS EN MALAS CONDICIIONS: 6 (7,22) (DE CADA 16 MULLERES 1).



bunal Constitucional, está substancialmente relacionado, coa dignidade da persoa, e polo tanto cos dereitos ao libre desenvolvemento da persoa, o dereito á integridade psíquica e moral, a liberdade de ideas e crénzas, o honor, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe.

O cal trae como consecuencia que se a vida do feto entra en conflito cos dereitos da muller, habería que considerar cal é o valor que debe prevalecer; aquí a senténcia, establece que os dereitos da muller non poden ter primacía absoluta, polo que debe facerse unha valoración constitucional, para clarear cal dereito é prioritario ou ben cais son as condicións para que se entenda que algun deles debe prevalecer.

É interesante constatar que os votos particulares dos outros seis maxistrados entenden que o art. 15, en tanto que non é de aplicación ao feto, deixa aberto o tema do abor-

(pasa á páx. seguinte)

O aborto, esa realidade ilegal

(ven da páx. anterior)

to que podería ser moitísimo máis amplo que a cativa lei feita polo PSOE. Mesmo algun deles chama a atención sobre o feito de que, segundo a Constitución española, os valores fundamentais do ordenamento xurídico son a liberdade, a xusticia, a igualdade e o pluralismo político, e que non entende como non se contempla desde a sentenza o enfrentamento entre a protección do feto e a liberdade, aínda que lle parece que deriva da escasa atención que se presta xeralmente aos dereitos de liberdade da muller embarazada.

A sentenza, por outra banda, deixa moi claro que os tres supostos da lei son perfectamente constitucionais, o dereito á vida e a saúde da embarazada son prioritarios sobre o que aínda non nasceu. En canto ao embarazo consecuencia dunha violación, entende que o embarazo foi consecuencia dun acto violento, non querido, e que afecta gravemente á súa dignidade persoal. Di a sentenza que a dignidade da muller "exclue que poda considerarse a esta como un obxecto", e polo tanto é preciso o seu consentimento para asumir o compromiso de tanta transcendencia como é a creación dunha nova vida, que tanto vai afectar á súa propia. A terceira das indicacións, a referente a posicións no feto, parécelle á sentenza que, dada a grave situación que o nacemento dese neno lle causaría aos pais, agravada pola falta de axudas sociais, fai que non poda esixírselle que acepten o nacemento do neno.

En xeral, a sentenza parte da base de que existe un conflito entre os dereitos fundamentais da muller embarazada e un ben xuridicamente protexido, que é a vida humana en formación. E por outro lado, que a protección dos bens non ten por qué chegar até o castigo penal; entende que hai condutas que non poden ser esixidas, sobretudo baixo a ameaza de cárcere, e que estas están incluídas.

Entón, por qué se di que a lei é inconstitucional? A verdade, non é fácil de comprender; a sentenza declara que o Estado debe garantir nas súas leis a vida, mesmo a do feto, e polo tanto debe por máis condicións

Pere Enguix na procura de seres máis femeninos



Xurxo S. Lobato

Pere Enguix é un médico valenciano que se fixo "famoso", a raíz do seu proceso acusado de ter axudado a cometer abortos. Recentemente visitou a Coruña para estar presente no Congreso Estatal de Planificación Familiar, ali entrevistouno o noso colaborador L. Méndez.

"Denominámonos 'Acuario' porque saímos de piscis, a era absolutamente cristiá, de valores institucionais, de valores rixidos, cristiáns. Ráchase esa moral e hai unha moral máis acuosa, máis acuaria, máis de adoptar a forma do recipiente e nunca de dogmatizar desde fóra, a priori". Así se expresa Pere Enguix ao falar do seu grupo, da filosofía que os leva a aspirar a unha concepción do home como xénero máis feminina, máis sensibilidade humana. Unha idea: "A partir de mulleres liberadas cambiáremos o mundo."

"Durante a época cristiá houbo unha gran capacidade de sublimación das potencialidades humanas e neste intre hai que deixar o sacrificio, a abnegación, a dor, a cruz a costas, camiño do calvario; o nacer para a dor, o parir como castigo, como imposición da divindade... Hai que ir a unha solución de cada un en particular. Nesta época de piscis, o machismo deusa o seu máximo fruto ao nivel da supertecnoloxía. A partir daí, temos un magnífico instrumento para ser utilizado ternamente, femininamente, humanamente, cariñosamente, amorosamente. A miña revolución non é en absoluto técnica, é a perspectiva humana que transcende a técnica; a técnica podenos liberar do traballo de escravitude para potenciar o traballo de creación. Nesa liña estamos e a lóxica masculina neste intre está sendo obstrucionista e non ten liñas de saída, non ten elementos de esperanza; porén, sinto que as mulleres que paren aínda teñen algo que comunicar e que dar ao mundo".

—Ven de se celebrar en A Coruña o segundo Congreso Estatal de Planificación familiar. Cál pensa vostede que debe ser a función destes centros?

—Debian ter un cometido absolutamente revolucionario, tal e como concienciar á xente de que a vida é nacer, crecer, reproducirse e morrer, e que nese proceso estamos absolutamente desprotexidos da ciencia, o que até agora estamos sofrendo como un castigo divino, como unha imposición fatalista. Xa vai sendo hora de que a xente se reproduza cando lle dá a gana e máis nada; a sexualidade, tan manipulada neste momento, sómente serviu como vehículo diso. Hai que potenciar unha forma de relación na que prime a sensualidade, o pracer, á marxe da reprodución, pois hai que contextualizala dun modo dife-

rente. Como nacer, crecer, reproducirse e morrer é o único que importa, polo menos imos facelo dignamente.

—Neste sentido a súa postura é un tanto pasiva...

—Eu diría que incluso reaccionaría, porque están facendo unha operatividade de control demográfico, obedecendo unicamente a impulsos de poder, a estruturas de traballo moi determinadas nun ambiente político determinado sen ter nengunha atitude rupturante, nengunha atitude de revolta fronte a estas imposicións.

Enguix forma parte dun colectivo valenciano de médicos chamado, como quedou implícito máis arriba, "Acuario". Estiveron traballando dentro de hospitais e servicios clínicos, a título individual. "Pero partimos dunha saturación do elemento esquemático da sanidade individual. Pero partimos dunha saturación do elemento esquemático da sanidade pública, para encravarnos logo nun colectivo máis libre, que permita unha nova acción, unha nova perspectiva global da medicina. Nós ocupámonos da saúde, e os médicos normais ocúpense da enfermidade, cando é radicalmente o contrario. Nós perseguimos a autonomía na curación. Penso que é algo moi mítico que o médico, opere desde o seu poder técnico para curar a xente como por unha acción delegada de Deus. Cada individuo ten o seu potencial de curación e a partires daí é cando facemos programas terapéuticos, programas de educación, de autoformación, de autocontrol, e esperamos que en tempos próximos iso sexa o usual e o ordinario, estamos tratando de rachar co esquema do dogmatismo médico".

—Poderíamos falar do que vulgarmente se entende por medicina alternativa. E realmente "alternativa", ou cabe falar talvez doutras formas máis auténticas de "alternatividade" como a practicada por Eneko Landaburu en Euskádi?

—Landaburu é o máis auténtico do Estado español, colaborador noso, para máis sinais. A medicina alternativa está copiando os esquemas e os dogmas da medicina tradicional, tratando de buscar un lugar dentro do esquema, pero por outra banda hai xente que está tratando de rachar co esquema...

—Que é o realmente alternativo...

—Efectivamente, pero existen fórmulas alternativas manipuladas de

forma doutrinal, e existen elementos doutrinais utilizados de forma alternativa. Eu penso que é máis rupturante utilizar o que hai nestes momentos de fórmulas alternativas que buscar fórmulas chinas, indus ou mesopotámicas para rachar con ese cliché de tratamento médico-enfermo. En definitiva, cando se establece ese binómio xa é negativo. Somos compañeiros de viaxe, de vida, que temos unha serie de elementos técnicos de coñecemento, ou que dispomos dun sector de información, pero é un sector que non é un poder, senón un núcleo de convocatória, de difusión, non de utilización como arma exclusiva de cobro de dietas.

Eneko parte da autosuficiencia persoal, di que o xexun e o repouso son os únicos elementos de curación, e que o organismo humano ten unhas respostas á súa agresión orgánica en si mesmo, e hai que potencialas con simplemente non interferir. Hai un mundo totalmente contradictorio no que através da técnica infírese directamente sobre o individuo, manipulándoo. Dégase acupuntura, masaxe, terapias humanistas... calquer cousa utilizada neste contexto é alienante; a técnica oficial pode ser revolucionaria noutro contexto, pois o que hai que rachar son os moldes, as esferas de situación.

Pere Enguix está pendente do resultado dun proceso no que se veu metido, acusado de ter axudado a cometer abortos, extremo que en absoluto nega. Así contesta cando se lle pregunta polo seu pulso coa xusticia.

—O progreso é unha cousa que non se detén, apesar das clases manipuladoras da orde social. España non pode ser sempre o cu da Europa ou a fronteira con África, pois todas as patas da civilización occidental téñense que integrar progresivamente en todo o universo, e ese é un proceso de liberdades persoais, e xa non se poden instituir desde o poder freos á liberdade persoal, porque non o consentimos. Xa non hai barreiras o suficientemente subti ou fortes para pensar que iso poda ser posíbel.

Eu penso que a cousa vai ir envellecendo, degradando en forza, en agresión xudicial. De feito non teñen demasiado interese en montar isto en candeeiro popular, porque saben que teñen as de perder, pois nós estamos en plena franqueza, con declaracións públicas que non teñen nengun tipo de repercusión política nen legal. Estamos descaradamente falando e dicindo e a xente non se mete connosco, senón todo o contrario, e imos aumentar a escalada até onde chegue.

L. MENDEZ

Non existe un «arquetipo», o aborto dase en todos os sectores e idades



para asegurar que non se dé o aborto en casos que non estexan contemplados pola lei, para o cal esixe que: outro médico confirme a existencia de perigo na vida da nai. Ao mesmo tempo, para protexer a saúde da nai, e que o aborto se faga en condicións, di que deberá facerse en centros públicos ou privados autorizados, para disminuir o risco da nai.

A sentenza di que mesmo podería a lei excluir de responsabilidade penal á muller que abortase sen eses requisitos, xa que o seu fundamento é un deber do Estado, e non da muller, á que se quer protexer. O que pasa é que con tanta protección, ese cativo número de mulleres que poderían usar a lei, vense impedidas de facelo legalmente e posibelmente o fagan en moito piores condicións que si terían abortado coa lei en vigor, aínda que sen tanto requisito.

O mellor da sentenza, como dixemos, é que nos dá a esperanza de que podamos chegar a ter unha lei que contemple a meirande parte das causas reais do aborto; se non a conquerimos de xeito que se contemple o dereito á liberdade da muller, nunha cousa tan fundamental como é ter ou non ter un fillo, sen ter que explicar a ninguén cousas tan íntimas como a causa para abortar, cousa que claramente non se fai por gusto, parece ser que teremos que esperar a que outras forzas máis progresistas cheguen ao parlamento, ou que forcemos as actuais a que despenalicen o aborto nos demais casos nos que os dereitos das mulleres sofren se se mantén o embarazo. Velai a nosa loita.

Teresa Conde Pumpido é abogada

Montes en man comun

Un proxecto moi criticado

A posición dos cidadáns diante do Parlamento podía quedar definida claramente ao ver o comportamento diante da sesión celebrada o 16 de Abril. Había dous puntos importantes na orde do día: o proxecto da Lei de Montes e un informe do Conselleiro de Educación e Cultura sobre a situación do galego no ensino. Mentres que para presenciar o informe e debater sobre o galego había numeroso público; mestres, políticos, funcionarios... a lei de montes parecía non importarlle a ninguén, non se viu por ali ningún labrego e penso que a maioría dos que van resultar afectados dun ou outro xeito pola publicación desta lei, non se inteiraron de nada; a bon seguro que moitos aínda non saben "qué é iso da autonomía".

E non sería mal que se inteiraran aqueles viciños interesados nos montes comúns, porque esta lei pode cambiar moitas cousas. Até me atrevería a dicir que non estaría mal que, visto o proxecto, se empezasen a mobilizar para que non sexa aprobada definitivamente e se cambiasen algúns puntos na comisión. Hai sobretudo un artigo perxudicial para os viciños. Trátase do artigo 9 que atenta a esencia da propia comunidade ao dotar de titularidade xurídica á Comunidade de Montes, sacándola aos propios viciños esa propiedade que sempre ostentaron. Ademais é un proxecto parcial, xa que só abrangue aos montes xa clasificados, rebaixa as garantías esixíbeis e abre unha vía á usurpación dos montes; a propiedade queda ligada á personalidade agraria dos viciños, polo que discrimina aos non labregos, non se admite a libre decisión dos viciños e ademais estes terán que pagar os débitos contraídos por aqueles que lles usurparon os montes.

Nestes puntos parecía coincidir a oposición. Benxamin Casal, que apresentou un proxecto alternativo, calificou ao do Goberno de "o mellor invento para despojar aos viciños dos seus montes, despois de que xa o fíxesen o Estado, Provincia e Municipio".

Tanto Benxamin Casal como González Mariñas, asesorado por Recemil que procurou nas Xornadas Agrarias coller o máximo de documentación sobre este tema, coincidiron en que o proxecto era claramente intervencionista e dirixista xa que non se admite a libre decisión dos viciños.

Isto foi negado por Manuel Iglesias Corral que, unhas veces en galego e outras en español, nunha intervención que facía conter a hilaridade á maioría por respecto á idade, polo deslabazada e contraditoria que resultou nalguns momentos, afirmou que o dereito de superficie que reclamaba CG "é a ruína agraria de Galicia", xa que a *enfiteuse* (andou toda a mañá con esta palabra a voltas) ou contrato de aforamento fixera xa verter moito sangue.

Noutro punto no que non había acordo, posto que Iglesias afirmara que estaba en case todo de acordo cos outros proxectos, sobretudo co do PSOE, era no referente a se a clasificación dos montes a debía de facer un xurado ou ben, como se recolle no proxecto gubernamental, sería o xulgado o encargado.

Por outra banda, a exposición de motivos feita polo conselleiro de Agricultura, Gandaría e Pesca, non concorda nada co anteproxecto, até o punto de que algun deputado afirmou que parece que na Xunta hai uns que se encargan de facer a exposición de motivos e outros as leis. Así e todo, AP rechazou os proxectos alternativos. Agora a agardar que en comisión "salven", no posíbel esta lei, se non... voltarase, seguramente, á "loita polos montes", que realmente nunca deu acabado.

A ironía do debate sobre o galego

A presenza do Conselleiro de Cultura para informar da política lingüística desenvolta pola Xunta, pódese calificar como pura ironía.

Primeiro porque esta fíxoos a instancias do grupo do PSOE, cando este partido ten recorrido contra a "Lei

Neste documento "Consellería" pasou ser "Conserjería" por obra e gracia do Delegado Provincial. O subconsciente traicionouno até deixarlle expresar que a "Consellería" pouco máis é que unha "Conserjería".



A tarxeta do Vicepresidente da Xunta en idioma cervantino.

de normalización lingüística, nun dos poucos puntos progresistas. En segundo lugar porque foi Carlos Casares, colaborador da Xunta nalguna campaña, o encargado de perguntarlle ao Conselleiro. En terceiro e último lugar, poderíanse citar moitos máis, xa que o PSOE é o menos indicado para falar de normalización lingüística; para ollar como ten asumido este aspecto o Partido Socialista chega con referirse ao concello de A Coruña, que segue a usar en todo o idioma español, por non falar do Delegado do Goberno e presidente da Real Academia Galega.

Así as cousas o debate tería que ser unha pura contradición plantexada en termos políticos, pero que non cuallou en ningún momento, dado que precisamente a Vázquez Portomeñe pouco lle poden achacar, a non ser a súa "raposaría", como o calificou Camilo Nogueira, aínda que lle admitiron que o seu departamento podía ter boa vontade. Foi polas propias contradicións dos partidos e porque directamente non lle podían criticar moito ao Conselleiro, polo que o debate discorreu, a non ser por parte de Camilo Nogueira, un pouco de guante branco. Había quen tiña comunicacións da Consellería de Cultura en español, pero non quixo sacalas a relucir.

Criticouse sobretudo a non existencia de planificación lingüística, o que foi negado polo Conselleiro. Carlos Casares "afirmou que se podían estar tirando millóns, con boa vontade, e non recuperar o galego".

O conselleiro, "moi zorro", referiuse no seu informe ao campo do ensino da lingua, o que foi criticado

por Camilo Nogueira, quen afirmou que faltan "criterios, estudos lingüísticos e non ten instrumentos para levar adiante unha política auténtica". Pasou logo a enumerar onde non se cumpre a lei... en todos os lados.

Olives Quintas afirmaba taxativamente que "o galego segue a ser a segunda lingua, e non polo uso".

Defendeu ao Goberno, ou intentouno, Adolfo Abel Vilela que, xa no caso da súa nefasta intervención, afirmou que "a administración Central ten no emprego do español a súa diferenciación".

O Conselleiro insistiu que o que intentaban era sensibilizar a poboación para que falasen galego e non imporlle, xa que desta maneira producírase o rechazo, que era o que tentaban evitar.

Pero se a campaña de sensibilización non se pode cuantificar cara fóra, si se pode cuantificar o eco que tivo na propia Xunta. Deixando xa a un lado os oficios, circulares, empregados, etc., e medindo pola aceptación no propio Goberno, temos que hai conselleiros que non se dignan en falar nengunha palabra en galego. Ali, no parlamento criticouse, sorprendentemente, que no Consello utilizasen o español todos. Pode ser unha mostra de cómo están as cousas, pero como é a porta pechada, ninguén se inteira. Pior é o uso que fan no Parlamento, pero aínda non tan grave como que as declaracións aos medios de comunicación as fagan case todos en español. As súas tarxetas tamén están nese idioma, e non digamos xa no que falan habitualmente.

Así as cousas, hai que dicir que o Portomeñe non tivo nengun eco no seu predicamento diante dos seus compañeiros, incluído Fraga, que veu anatematizar "na rádio galega" en español, deixando as "cousas claras".

Pero por aí non atacaron porque todos, agás Camilo Nogueira, teñen moito que rascar.

En suma, que aínda que Carlos Casares se enfadase e se mostrase duro, só na voz, na súa faz lívida, ao contestarlle ao Conselleiro, xa que entendeu que lle podía estar botando en cara algunhas actuacións súas, ao colaborar coa Consellería e agora facer que tiraba a pedra, desperdiciouse totalmente outra tarde, pois, o que se trataba era de facer electoralismo.

A.E.

Con García-Sabell de presidente

Avánzase cara un pacto post-eleitoral PSOE-CG



García Sabell pode ser o novo presidente autonómico despois das eleccións, se prosperan as teses de Francisco Vázquez e Ceferino Díaz.

Intentan Vázquez e Díaz que o actual Delegado do Goberno en Galicia sexa o cabeza de lista do PSOE. Isto non é nada novo e sempre foi unha obsesión do alcalde coruñés. Até agora García Sabell negábase a aceptar porque non quería ser perdedor e tiña a certidume de que o PSOE non ía conseguir maioría nas eleccións autonómicas.

Pero ultimamente entraron outros elementos en xogo que poden facer cambiar este panorama. Segundo podemos saber de fontes socialistas, enfrontadas a este proxecto, hai xa un pacto entre CG e PSOE cara as eleccións. Segundo este pacto, García Sabell sería o candidato do PSOE, apoiado logo dos comicios por CG. No futuro Goberno entraría Vitor Moro como vice-presidente e executor da política cumprindo García Sabell máis o papel de "relacións públi-

cas e imaxe", un pouco como Albor nestes momentos.

Mais o pacto non ficaría só niso, senón que existen conversas con determinados conselleiros da Xunta para que despois das eleccións se pasen a CG, prometéndolles conservarles o cargo. Fálase de Vitor Vázquez Portomeñe e até de Xosé Luís Barreiro.

Este sería en síntese o plan de Francisco Vázquez e Ceferino Díaz.

As conversas principiaron xa moito tempo antes de que Vitor Moro aceptase presentarse como candidato por CG. No seu momento falouse das presións do PSOE sobre o candidato de CG para non comparecer, que parece que remitiron logo.

Nun momento dado tamén algun meio de comunicación se referiu a García Sabell como candidato de Coalición Galega. Agora todos estes rumores parecen fusionarse nun coa consecución deste pacto, ao que se opoñen algúns dirixentes socialistas.

A. EYRE

En varias localidades galegas

Protestas pola visita de Reagan

A Coordinadora Nacional de Organizacións pola Paz ten prevista a realización de diversos actos por toda a Galicia co gallo da visita de Reagan. Nos actos participarán diversos colectivos, como os Comités anti-Otan, Cosal, A Revolta, etc., esperándose tamén a colaboración dos partidos políticos. Nestes actos declárase a Reagan "persoa non grata", rexeitando a visita e pronunciándose ademais pola paz, contra a Otan e polo uso dos gastos militares en melloras sociais.

Vários autobuses saíran tamén de Galicia para recibir a Reagan en Madrid o 5 de Maio, seguindo a convocatoria da Coordinadora Estatal que ten o lema de "Reagan o que Reagan: Otan non, bases fora".

En Vigo o día 7, ás 7,30 da tarde e desde a Praza da Constitución, levarase a cabo un "recebimento popular" de Ronald Reagan. Tamén en Compostela e Coruña haberá diversos actos, nesta última cidade a II Festa da Primavera irá dedicada ao tema da Paz.



lonxe de fonseca

"E logo, o porco era coxo? ou a nova lei de réxime local

LOIS DIEGUEZ

Cando os artífices das leis que van rexendo a sociedade confunden poder con xusticia mal nos vai ir aos que, despois, teremos que as cumprir. Isto xa está acontecendo de xeito abusivo. As ultimas leis que veñen de sair do Parlamento español son un claro reflexo da ambición de poder do PSOE —enfrentada de forma parva, e máis irracional aínda, polo que veñen chamando "oposición maioritaria"— que legisla para se manter en todas as institucións ao prexio que sexa, e non para dar cumprimento aos desexos sociais de maior xusticia. Así vemos que en numerosos casos a situación empeora a respecto de tempos pasados, o cal, de por sí, mantén unha perigosa carga de metralla doadamente utilizábel polos nostáxicos do franquismo, tan vivos e rufos como nos millores tempos. Quero dicir que a crítica utilizada para volver atrás, pode ter campo abonado e mesmo axuda fáctica. Mais a crítica e a práctica utilizadas para caminar cara adiante, nontanto, porque é máis perseguida e condenada que a anterior, polos que desgraciadamente seguen a se chamar esquerdistas, socialistas, e todo iso.

Cando este número de A NOSA TERRA teña saído xa estará en vigor a lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local, que é como dicir que xa estaremos nas mans dun novo "rexer" institucional a nivel local, do que os seus presidentes poderán abusar até extremos non permitidos na legislación anterior. Quero comentar moi de pasada algúns dos seus artigos referidos especialmente á figura do alcalde e da corporación, para demostrar esta afirmación.

O artigo 14.2 dise que "a denominación dos municipios poderá ser, a todos os efectos, en castelán, en calqueira outra lingua española oficial na respectiva comunidade autónoma, ou en ámbalas dúas". E dicir, que calquer cidadán poderá seguir nas reaccionarias liortas sobre o noso idioma nacional das que aquí en Galiza sabemos tanto.

O alcalde segundo o artigo 21-1 ostenta, entre outras cousas, a atribución de "dar obras e servizos sempre que a cuantía non exceda do cinco por cento dos recursos ordinarios do seu presuposto total nen do cincuenta por cento do límite xeral aplicábel á contratación directa con arreglo ao procedemento legalmente establecido". O alcalde, pois, terá poder legal para negociar, segundo os seus intereses particulares, con cantidades tanto máis altas canto maior sexa o presuposto do municipio. Poderá negociar, xa que logo, con cartos públicos para o seu proveito propio ou de clan empresarial.

"A comisión de goberno integrarase polo alcalde e un número de concelleiros non superior a un tercio do número total dos mesmos, nomeados e separados libremente por aquel, dando conta ao pleno" (art. 23). Segundo esta concepción ditatorial os grupos de presión económicos, caciquis etc., teñen campo aberto para facer o que lles pete cos intereses dos cidadáns. As pandillas de caciques tan coñecidas nas nosas cidades brindarán con 'champagne' a entrada en vigor deste poder que se lle ofrece e utilizarao xa sen a timidez que agora desfaí a lei. Calquera concepto de democracia, con isto queda anulado, xa que de pouco van valer os concelleiros que, aínda sendo numerosos por un partido político ou coalición, non acaden maioría. Ademais as sesións desta comisión de goberno que ven substituír á Permanente no serán públicas (art. 70) o cal empeora as cousas.

O presidencialismo do Alcalde ou Presidente da Diputación, o seu asuradísimo poder, vaise vendo en todo o articulado da lei. No 46-A di que "o pleno celebra sesión ordinaria como mínimo cada tres meses", tempo que en moitos concellos galegos se está a destragar para o goberno municipal cando o alcalde non se quere someter ás decisións maioritarias dos concelleiros. E no mesmo artigo e apartado dise tamén que a celebración dun pleno extraordinario solicitado por unha cuarta parte ao menos, do número legal de membros da Corporación, poderase demorar até dous meses, co cal se invalida de novo o control sobre o alcalde.

Con isto e outras cousas máis, que non podo comentar por falta de espazo, gustaríame ver a expresión do ex-alcalde de O Grove ou do actual alcalde de A Coruña —por poñer dous exemplos dos moitos que hai— ao ler o texto da lei. As ilusións das súas vidas ficarán colmadas. Mais o pior ha ser fitar para as caras dos cidadáns galegos cando se vexan obrigados a sacar de novo as puchas, meter embaixo do brazo o xamón e ter que sentir a frase retranqueira do cacique que tantas veces ollamos nos debuxos: "E logo, o porco era coxo?".

O Grove

Xulgamento contra catro militantes do BNG

Suspendeuse outravolta o xuicio contra militantes do BNG de O Grove por encadearse no axuntamento ao non serlle permitido ao Concellal Mascato Bea, tomar posesión do seu cargo.

A suspensión, esta vez, debeuse á decisión do xuíz e non como outras veces a causas fortuitas ao estar o xulgado inundado.

Tomou a decisión o xuíz despois de que a acusación particular quixese meter, no mesmo xuicio, a outras tres persoas que non foron incluídas nas actuacións procesais. A partires disto o xuíz declarou a nulidade do actuado a partires do escrito de calificación provisional suspendendo o xuicio.

O fiscal pide 3 meses de arresto e 90 mil pesetas de multa, estándose a seguir delixencias contra Bea Gondar por un presunto delito de sedición. Contra as persoas que ocuparon a casa consistorial para non dexar celebrar o "pleno de destitución" non se están a seguir accións algunhas.

Por outra banda, cando saían estas liñas, xa se terá celebrado o pleno para elixir Alcalde, que será con total seguridade Camaño Prol.

Afirmar os grupos coincidentes neste proceso que non hai nengun pacto entre eles senón unha converxencia de criterios nos temas de meirande trascendencia para o municí-



Caamaño Prol, o candidato desde hai meses par a Alcaldía o día do Pleno-escándalo de O Grove.

pio, como pode ser por exemplo o Plan de Urbanismo.

Tamén afirman que aínda que non teñen repartidas as tenencias de alcaldía, cuestión que se vai deixar ao libre criterio do Alcalde.

Iste pacto que algúns califican de "contra-natura", xustificano na oposición a Bea Gondar por antidemocrático e afirman que o que pretenden é darlle a O Grove unha lección de democracia elixindo a un alcalde de dereitas xa que os veciños votaron na súa maioría a dereita.

Por outra banda Bea Gondar está a recoller firmas ante notario para recurrir diante do Tribunal Constitucional a decisión da Audiencia.

Campaña da XOC contra o paro

Un grupo de mozos e militantes da Xuventude Obreira Cristiá Galega fixeron entrega en Correos de máis dun centenar de tarxetas dirixidas ao presidente da Xunta de Galiza, co texto "No Ano Internacional da Mocidade esiximos Solucións ao Desemprego".

As tarxetas foron firmadas por organizacións educativas, partidos obreiros e nacionalistas, organizacións políticas xuvenís, asociacións e persoas que se adheriron aos obxectivos da campaña.

A XOC Galega quer denunciar a situación de marxinação da mocida-

de traballadora, que está sendo sobre-explotada coa excusa da "Crise". En sectores como construción, hostalaría, textil, etc., hai moitos mozos e mozas traballando clandestinamente, sen contratos nen seguros, coa ameaza do paro ante calquer intento de reivindicación para a mellora das condicións de traballo e salários.

A XOC Galega entende que no AIM as institucións teñen de aportar solucións concretas aos problemas que a mocidade da clase obreira está a sufrir, e non quedarse samente nuns actos máis ou menos publicitarios ou de imaxe.

O secretario da UMG foi acusado de impedir a talla de mozos

Fernando Abal condenado por coaccións

Fernando Abal, secretario nacional da UMG e teniente de alcalde no concello de Moaña, ven de ser condenado a unha multa de sete mil pesetas, superando así, en dúas mil, a propia petición fiscal. Abal foi acusado de participar coactivamente, xunto con outras 30 persoas, nun boicot á talla de mozos o 11 de Marzo do 84.

A ausencia de probas e de testigos en apoio da tese fiscal —o único testigo presentado pola acusación era un policía municipal suspendido de emprego e soldo por intento de violación, o cal non compareceu ao xuicio—, determinou que a sentenza sinalase que "non quedou suficientemente demostrada a existencia dunha falta contra o orde público"; sendo, aínda así, aplicada unha multa por "coaccións", segundo sentenza do Xulgado de distrito de Cangas, despois da vista celebrada o día 30 de Marzo deste ano.

Ao día seguinte da talla, o concello detido pola Garda Civil, permanecendo esposado a un banco do cuartel mentras os quintos foron obrigados a desfilar por diante del, sen que nengun deles declarase reco-

ñeceo como autor de coaccións. O xuíz decretou posteriormente a liberdade e o sobreseimento do caso.

O 26 de Abril a Garda Civil levou a cabo a morte do mozo moañés Carlos Neira, o cal deu lugar a múltiples manifestacións e críticas en contra deste corpo. Parece ser que tal situación influíu para que o 30 dese mesmo mes, se voltase a abrir o caso de Fernando Abal.

O pleno do concello de Moaña aprobou, recentemente, sobre este tema, unha moción na que se pronunciaba en contra do xuicio, pola absolución do acusado, en contra de facer a mili no exército español e polo dereito á obxección de conciencia por motivos políticos; votando a favor o BNG e en contra AP, CIG e EG.

Con motivo da seguridade cidadana

A dereita moañesa arremete de novo contra o alcalde

Unha manifestación de pequenos comerciantes e viciños de Moaña en defensa dunha maior seguridade cidadana e en protesta pola presunta pasividade da alcaldía ante este tema, veñen de ser calificados pola propia alcaldía como "unha nova fase da campaña da dereita para desprestixiar á maioría municipal".

Para moitos dos comerciantes, o BNG non ten verdadeira vontade de atallar os contínuos roubos e demais incidentes que poñen en perigo a seguridade do municipio.

Fernando Abal, teniente de alcalde, manifestou a A NOSA TERRA, sobre este tema, que as acusacións non teñen fundamento, dado que o índice de delincuencia de Moaña é o máis baixo do Morrazo e comparábel ao das vilas de semellante número de habitantes máis seguras.

A manifestación dos comerciantes rematou diante da casa do concello, asistindo, segundo a Policía Municipal, 128 persoas, e 500 segundo os convocantes. Para a alcaldía, o feito de que concorresen pouco máis do centenar de viciños, entre eles mulleres e nenos, quer dicir que nen tan sequer acudiron a totalidade dos membros da Asociación de Comerciantes que eran os convocantes, pois este colectivo conta xa con 150 sócios.

Nun comunicado da alcaldía indicouse tamén a incongruencia de que se manifesten diante do axuntamento e que, en cambio, só se apresentase unha comisión ante o Goberno Civil, cando as competencias da Seguridade corresponden a este último organismo.

Fontes municipais denunciaron tamén as presións exercidas sobre certos comerciantes para obrigarlos a cerrar, algun dos cais foi amenazado, por un piquete, con que lle ian queimar o local.

"Eles saben os temas nos que nos poden incordiar, manifestou F. Abal, e por iso actúan. A campaña deste sector dos comerciantes é unha montaxe da dereita. A primeira fora por ter só a bandeira galega no Axuntamento; logo veu o de que nós apoiámbamos a ETA, ao non pronunciarnos en contra; e agora isto".

Segundo Abal, os asuntos que máis preocupan actualmente ao concello son outros, como os do paro, mocidade etc. Sobre a seguridade cidadana manifestou que a Garda Civil aínda segue a pór multas indiscriminadas entre os viciños, especialmente entre os máis xóvenes; precisamente cando se está a cumprir un ano, o 26 de Abril, da morte, a mans da Benemérita, de Carlos Neira. Para o día 27 está convocada unha concentración e oferta floral no cemitério en homenaxe a este mozo. A data foi lembrada tamén cunha carta que supostamente lle dirixían os xóvenes moañeses, firmada polos mesmos e reparada por todo o municipio.

Suspenden o examen pero pasan a ser funcionarios

A Consellaría da Presidencia nomeou funcionarios interinos a 63 persoas que non aprobaron o exame convocado ao efecto. Tamén concedeu 49 prazas máis das previstas na convocatoria de proba, dados que constan no Diario Oficial de Galiza e foron denunciados polos distintos sindicatos.

A meirande parte destas persoas pertencían á Consellaría de Educación e Cultura e tiñaselle notificado o cese.

A decisión tería sido tomada por Xosé Luís Barreiro, presentando a súa dimisión, dise, verbalmente o Director Xeral da Función Pública, presidente do tribunal.

Esta é só a última do que os sindicatos estiman "como cacicada e nepotismo" das contratacións do persoal da Xunta. Nun próximo número incluiremos un amplo informe sobre este tema.

III Xornadas Agrárias

A pequena agricultura e a CEE protagonistas

Do 12 ao 14 deste mes tiveron lugar en A Coruña as III Xornadas Agrárias sob o título de "A pequena agricultura". Participaron nelas máis de trescentas persoas, redactándose a final unhas conclusións, onde se pon de manifesto o perxudicial da entrada na CEE para Galiza, entre outras cuestións.

Foron estas terceiras xornadas sen dúbida as mellores e máis importantes das que se teñen celebrado, e as que menos repercusións tiveron nos medios de comunicación, sorprendentemente.

A detonación de conclusións, feito novo nas xornadas, é, cara o exterior, o aspecto fundamental, mais para chegar a elas houbo que discutir horas e horas, aportándose dúcias de datos que, afinal, deixaran moitas cousas claras. Houbo algúns dos presentes que se laibara o que non se puden televisar algúns dos debates, e si metesen partidos e partidos de fútbol.

Ao tema, xa de seu interesante e transcendental, veulle axudar que nestes días se lle dese o visto bon ao Estado español para entrar na CEE. Así, a maioría das xornadas xiraron sobre esta cuestión, pois as distintas

áreas en que estaban dirixidas vanse ver incididas pola CEE. Se a pequena explotación familiar de vacuno seguramente o tema máis importante e onde os mellores técnicos na materia demostraron a súa altura— se vai ver perxudicada irremisiblemente, a horticoltura e floricultura poden ser unha saída, así como a gandaría sen terra—non a vacuna por suposto. Esta situación tamén influirá socialmente, aínda que no que incidira máis nesta área é na problemática actual.

Detectáronse erros nestas xornadas, como o de que se admitan algunhas comunicacións que só se apresentan para "gañar puntos" e que tratan aspectos técnicos moi específicos, que se ben terían cabida noutros congresos, aquí están fóra de lugar; ou o non cumprir os horarios.

Constatouse o aumento do número de labregos con relación a outros

anos. Hoxe por hoxe, as Xornadas Agrárias acollen a todos aqueles que teñen algo verdadeiramente interesante que dicir en relación ao agro galego.

Paralelamente notouse a ausencia de calquer persona relacionada coa administración autonómica, que estaba convidada. Non foi este o caso do Ministerio de Agricultura; o propio titular do departamento enviou un telegrama de apoio e varios técnicos de alto rango do Ministerio estiveron nas xornadas. Tampouco asistiu ninguén do PSOE en Galiza.

Outros aspectos a resaltar

Se nas conclusións se recollen os feitos máis significativos do debate, naqueles puntos nos que os participantes estaban totalmente de acordo, houbo tamén outras intervencións dignas de mentar, tais como a da economista Miren Etxezarreta, que falou da "Agricultura de tempo parcial", concluíndo na súa exposición que este tipo de agricultura non é nengunha solución, pero que lle interesa ao sistema. Referiuse a uns in-

quéritos feitos entre empresarios de distintas zonas do Estado (en Galiza non se realizaron), que daban como resultado que estes consideran "muito mellores traballadores" aos obreiros "simbióticos", afirmando que son máis dóceis e que non crían conflitos.

Na área de ciencias sociais non se poden sacar conclusións pois é difícil establecer uns postulados.

Aínda así, pódese dicir que houbo unha certa unanimidade en criticar as concentracións parcelarias como se estaban a facer.

Tamén se puxo de manifesto a marxinação que sofre a muller no campo e cómo os cursos de capacitación van dirixidos sempre a homes, cando moitas veces eses traballos fanos as mulleres, nen hai créditos para as xóvenes agriculturas, e si para os homes da mesma situación, e cómo se discrimina ás mulleres á hora de conceder créditos para explotacións, facendol referéncia a un caso ocorrido en Corcubión, onde lle negaron o préstamo a catro mulleres que querían pór un invernadeiro, pero si llo deron para a mesma aplicación cando

quen o pediron foron homes.


Na área de vacuno resaltouse que o problema non era só de estruturas agrárias, senón que había que adecuar tamén a industria e os circuitos comerciais, se se quería evitar que todo seguise igual. Afirmouse tamén que, contrariamente ao que veñen sostenendo algúns especialistas a profución láctea non é nengunha solución cara a CEE, dado que estes países son tamén excedentários e aquí non hai industrias transformadoras axeitadas con denominación de orixe. Por este motivo, facer queixos na casa non sería nengunha solución, xa que non se poderían comercializar, a non ser que se fagan trámites para que estes sexan dunha gandaría saneada e os fabricantes teñan a tarxeta de manipulación de alimentos. Criticouse que na Galiza non exista unha planificación agrária, así como os presupostos e modo de actuar da Xunta.

Nun dos colóquios, un labrego lanzaba un SOS: "Hai que facer algo, artellar algo, o que sexa". Nestas Xornadas Agrárias aportáronse algunhas solucións.

A. EYRE



Xurxo S. Lobato



PEQUENA EXPLOTACION FAMILIAR DE VACUNO

1.—Que o Estado reparta a Cota de cuantificación do leite por áreas produtivas e número de explotacións que producen leite cada unha e que o leite galego se cuantifique na cota máis alta posible.

2.—Que no prazo de tres anos se estableza unha industria láctea galega con impulso público que sexa capaz de transformar a totalidade da produción galega.

3.—Que as industrias lácteas galegas, privadas, públicas ou cooperativas se federen para comercializar produtos con denominación de orixe e sexan capaz de coller cando menos a metade do mercado peninsular de produtos lácteos.

4.—Que a Administración axude á creación de empresas de transformación semipúblicas.

5.—No campo produtivo acelerar o proceso de modernización das explotacións a un ritmo de polo menos 20.000 explotacións por ano.

6.—Que as Administracións autonómica e estatal elaboren, por fin, programas de política agrária coherentes.

7.—Que a Consellería de Agricultura certifique e pague as subvencións que con cargo ao REPLE do ano 1984, debe aos gandeiros de Lugo, Ourense e Pontevedra e que aínda non se fixo efectivo nen a primeira.

8.—Que o Parlamento se inteire do que acontece no sector lácteo galego.

9.—Que a Administración Auto-

nómica, ao estar practicamente paralizada por decisión do propio executivo ao non facer efectivo o seu propio organigrama, pode arruinar nun prazo curto de tempo a todo o sector lácteo galego tanto o da produción como o transformador.

10.—Que non se considere a produción de carne como unha produción alternativa á do leite xa que iso é unha falacia.

11.—Que o 30 por cen das explotacións de menos de 10 vacas estiveron afectadas pola mastite no ano 1984-85.

12.—Que se fagan campañas de saneamento globalizadas a partir da unidade comarcal.

13.—Que se crie centros comarcais de control e saneamento para evitar que, para facer un simples antibiograma, se teña que ir a Lugo desde calquer parte de Galiza.

CIENCIAS SOCIAIS

A diversidade da temática e o mesmo carácter dela, interpretativo e polo tanto conflitivo, impediu sacar conclusións asumidas maioritariamente, pero si contribuíu a plantear uns debates interesantes que seguen abertos, sobretudo no referente á muller no campo.

HORTIFRUTICULTURA E FLORICULTURA

Chegouse á formación dun xerme dunha xestora para a constitución

Conclusións

dunha Asociación Galega de Horticultores.

O xerme desta xestora terá a súa primeira xuntanza o sábado 4 de Maio ás 5 da tarde no mercado gandeiro de Santiago, para definir Obxectivos (produción, comercialización, investigación, etc.) e o Regulamento interno de funcionamento. Esta xuntanza é aberta a todos os horticultores e técnicos relacionados con este sector produtivo.

GANDERÍA SIN TERRA

Coellos

Que é un sector en expansión nestes intre e sen excesivos problemas de comercialización.

Débase de potenciar a formación dos cunicultores previamente á creación das granxas de coellos, debido a que estes animais teñen un mane-xo moi delicado.

As inversións deben ser moderadas, non superando en nengun caso as 25 pesetas por coello reproductora aloxada.

Potenciar as Asociacións existentes e tentar de criar cooperativas de comercialización e a ser posíbel participación nos matadeiros.

Visións

E un sector que se actualmente non está en crise, no futuro dependerá das organizacións de compra dos subprodutos típicos na alimentación destes animais, de cara a evitar

as espectaculares subidas de pre-cios dos elementos durante a época de cria.

Utilización de novos subprodutos, incluíndo no racionamento produtos secos, etc.

Mellorar o manexo de reprodución.

Iniciar traballos de selección. Organizar a comercialización.

Avicultura

A) Xurídicas

1.—Que a actividade que desenvolven os agricultores (engorde e crianza de aves sexa definida como actividade pertencente ao sector gandeiro.

2.—Que os contratos que os avicultores realizan coas empresas comerciais sexan consideradas como "Aparcería".

3.—Que os granxeiros sexan incluídos no Réxime especial Agrario e non no Réxime Xeral da Seguranza Social dos traballadores por conta propia ou autónoma.

4.—Que sexa excluído do texto do convenio da industria de granxas avícolas (apto. 5 Art. 3).

B) Crianza

1.—Que as autoridades sanitarias traten de diagnosticar as causas das enfermidades e descubrir a súa procedencia.

2.—Que as guías sanitarias sexan produto dunha auténtica inspección

e garantan a sanidade dos produtos en circulación.

3.—Que a Administración elabore un Plan Xeral de Piensos coas notas de mellorar a calidade e que as materias primas sexan producidas no país.

4.—Que non se marxinen aos granxeiros na concesión de créditos por parte dos organismos públicos en especial do Banco de Crédito Agrícola.

5.—Que a Administración autonoma elabore unha Lei onde se regulen as relacións entre empresas e granxeiros como xa existen noutras comunicacións autónomas.

Porcino

1.—Estudar a repercusión do ingreso na CEE e o referente á adaptación da regulamentación comunitaria e nos incrementos do custe previstos.

2.—Estruturación das accións de sanidade animal que permitan o control e a erradicación da peste porcina africana e incrementar o nivel sanitario das explotacións.

3.—Potenciación das asociacións profesionais que permitan unha representatividade eficaz na fixación da política no sector a todos os niveis.

4.—Iniciación dos estudos necesarios para coñecer a realidade do sector a nivel de censo, produtividade, nivel de capacitación das explotacións, mercado de gando, etc.

5.—Revisión da política de regulación do mercado que se leva a cabo através do FORPA.

traballo

Pédenlle máis de 13 anos de cadea

Obreiros en xulgamento

A represión recrudescese contra os traballadores galegos. Isto é, polo menos, o que pensa a INTG que decidiu incluír nas consignas do 1º de Maio unha que reza "contra a represión".

Basea isto nas penas que lle están a pedir a traballadores por participar nas xornadas de loita contra o desmantelamento industrial de Galiza. Así a 12 traballadores de A Coruña pédenlles 7 anos de cadea e a tres de Vigo 6 anos.

O xulgamento contra dous traballadores de Ascon de Vigo e un de Vulcano tivo lugar na Audiencia de Pontevedra o pasado día 18. Diante do tribunal congregáronse cerca de mil persoas.

Acúsase aos traballadores de insultos aos axentes da autoridade e de sordos públicas, polo que o fiscal solicita un total de 6 anos e 4 meses de reclusión, así como unha indemnización solidaria a Vitrasa de 5.318.450 pesetas, valor en que foron tasados os desperfeitos ocasionados nun autobús desa compañía que foi incendiado.

Os acusados negaron os feitos im-



putados e os testigos da defensa afirmaron que a policía chegou ao lugar dos sucesos media hora despois. Os abogados defensores pediron a absolución dos procesados, afirmando que se a policía chegou media hora despois mal podía recoñecer aos autores das desordas afirmando que as acusacións se deben á "necesidade de xustificar as detencións".

Sete anos para traballadores coruñeses

A doce traballadores coruñeses véñense-lles de notificar o procesamento, acusados de coacción, resistencia e deso-

bediñencia ás FOP pola súa participación na última folga xeral o 29 de Novembro pasado. Os acusados están en liberdade baixo fianza e pédenlles un total de sete anos de reclusión.

Un destes procesados, Cesáreo Sánchez Iglesias, ten presentado unha querrela contra a policía por maos tratos, iniciativa que está levando a cabo a Asociación de Escritores en Língua Galega, da cal é membro o citado traballador.

Por outra banda tamén en Fene se lle está tramitando expediente a seis traballadores pola súa participación naquela folga xeral.

Os obreiros de ASTANO
aceitaron os fondos de emprego

Os traballadores de Astano acordaron entrar nos Fondos de Promoción de Emprego. A decisión tomouse, mercé a unha proposta de CC.OO., por unha diferenza de pouco máis de cincuenta votos sobre a posición mantida pola INTG, contraria á entrada e partidaria de radicalizar a loita, mentres que a proposta de USO, proclive á entrada nos FPE e a aceptar "os cinco puntos" da proposta da executiva socialista tivo só 60 votos. A esta asamblea asistiron algo máis de 800 traballadores.

Esta aceptación, considerada como unha claudicación para moitos, prodúcese nas mesmas circunstancias nas que en Decembro a UGT decidiu facer o chamamento para que os traballadores se incorporasen aos FPE. Daquela firmaron a carta de aceptación uns mil traballadores, negándose máis de mil cincocentos, aínda que nas últimas semanas foron moitos máis os que adoptaron esta saída, até o punto de que cando se celebrou a asamblea definitiva só eran 800 os que non firmaran a carta.

A novidade da situación con relación a Decembro é que se admite a dous despedidos de CC.OO. e que

non se dissolve o Comité de Empresa, facultándoo para permanecer na factoría, que parece ser que era o que desexaba precisamente a propia empresa.

Desmovilización dos traballadores

O ingreso nos FPE semella, ademais, lóxica, tendo en conta a desmovilización dos traballadores e que os non acollidos aos Fondos levaban tres meses sen cobrar, mentres que os seus compañeiros que tiñan aceptado a proposta do Goberno, percibían os seus saláridos.

Comisións Obreiras argumenta que a firma de entrada nos FPE é debida, precisamente, a esta desmovilización e ao estado de ánimo dos traballadores. Perante esta situación, CC.OO., opina que é mellor entrar agora nos Fondos, antes de que se desmoralicen os obreiros, e continuar a loita polos postos de traballo.

Pola súa banda a INTG acusa a CC.OO. de ser a causante das desmovilizacións, dado que a central nacionalista propuxera, xa antes de deixar de cobrar os traballadores, pechase na factoría, proposta que foi derrotada na asamblea por unha curta marxe

de votos, debido á postura contraria de CC.OO. e UGT. Isto levou a que, segundo a INTG, nestes últimos tempos só se realizasen verdadeiras procesións, dúas veces pola semana desde Fene, e os domingos no Ferrol.

Aínda así, séguense a producir accións illadas de protesta, tais como cortes de estradas e vías férreas, feitos que están a ser condenados polo Comité de Empresa.

Así as cousas, parece que a loita no sector naval xa tocou fondo, á espera de que a situación económica se deteriore outravolta e os traballadores teñan que buscar algunha saída.

Pero agora estanse a producir situacións novas. As asambleas de parados, que nada teñen a ver co sector naval, comezan con tímidas protestas de que os regulados deste sector van perxudicar moito aos outros traballadores, pois terían privilexios á hora de empregarse, co que lle sacarian a oportunidade a moitos dos obreiros que levan anos xa no paro e en bastantes casos sen ningunha prestación.

A Asamblea de Parados de A Coruña xa tratou este tema, non descartándose enfrontamentos entre os propios traballadores.

A empresa viguesa quer obrigar a traballar os sábados ilegalmente

Tres traballadores de "Alvarez" despedidos por repartir panfletos fóra da fábrica

Tres traballadores do Grupo de Empresas Alvarez, de Vigo, foron despedidos por distribuír propaganda, diante da porta da fábrica, na que se animaba aos demais obreiros a non someterse ás directrices da empresa que obriga a traballar dous sábados ao mes.

Segundo diversos traballadores, a dirección de Alvarez pretende que eles traballen de grátiis dous sábados, cando a súa obrigación sería exclusivamente a de cumprir as 40 horas de luns a venres.

Para a empresa o motivo dos despedidos é "considerar aos tres traballadores autores de falta moi grave de indisciplina e desobediencia, así como ofensas verbais e físicas a determinado número de persoas que traballan nesta Empresa"; indicando

que "segundo consta no parte remitido polos porteiros, os tres traballadores participaron de modo activo impedindo coactivamente a entrada á fábrica para ocupar os seus postos de traballo aos obreiros das factorías de Cabral".

O Grupo Autónomo de Traballadores Independentes (GATI), colectivo ao que pertencen os despedidos, afirma pola súa banda, que "os tres se colocaron diante da porta da fábrica informando aos obreiros ese sábado (30 Marzo) de que non se debía entrar a traballar, non habendo ningunha violencia nen física nen verbal". Sinalaban tamén que "é totalmente incomprendible como tres persoas sen máis que informar poden coaccionar a preto de 500".

O GATI acusa á Empresa Alvarez de "seguir as consignas da CEOE, buscando a maneira de que os obreiros vaíamos perdendo unha tras ou-

tra todas as conquistas logradas con tanto esforzo en anos anteriores. Non se trata pois de dous sábados, afirman, trátase de que este ano cedamos dous días para no ano próximo ceder catro, despois seis, e así sucesivamente".

Tamén acusan á empresa de promover as baixas incentivadas, mentras se fan horas extras.

Até o momento o Comité de Empresa, do que forma parte USO, UGT e CCOO, este último con maioría, ten aceptado xa traballar un sábado grátiis. Este feito é considerado polo GATI como unha vergoñenta concesión, ao tempo que acusan ao comité de "seguir na súa liña de non informar aos traballadores, nen potenciar o debate; ningún agás eles coñece con detalle as posturas da dirección, nen convocaron unha só asamblea durante todo o proceso apesar de que a situación é grave".

Os expulsados irán con CCOO

No 1º de Maio a INTG convoca en solitario

A INTG convoca en solitario a celebración do 1º de Maio que terá carácter nacional. Iste ano a celebración será en Vigo saíndo unha manifestación ás 12 da Praza de Portugal.



Os lemas escollidos son contra a entrada na CEE; contra a reconversión e as bolsas de paro; contra a reforma da Seguridade Social e a Política Sanitaria; pola liberación nacional e a solidariedade entre os povos; contra a represión.

A decisión de participar en solitario foi tomada na Dirección Nacional celebrada xa o día 30 de marzo.

Desde aquelas as direccións locais de Vigo e Lugo, agora suspendidas, teñen anunciado a súa decisión de manifestarse conxuntamente con CC.OO. En Lugo ademais intentaría-se que participase o SGS.

Istas manifestacións terían como lemas a oposición a entrada na OTAN e contra a reforma da seguridade social.

tribuna

Por un 1º de Maio de alegría

XAVIER ALONSO

Alguns ao ler o encabezamento deste escrito, pensarán que é cousa de ilusos falar dun 1º de Maio de alegría cando é tan negro o presente dos traballadores galegos que están a sufrir as consecuencias do paro e da reconversión e cunhas perspectivas de empioramento coa integración na C.E.E. Matinarán en que non hai motivo de alegría, cando desde os meios de comunicación, estase alimentando toda unha campaña de desprestixio da INTG e dos seus órganos de dirección.

Non obstante, para moitos militantes que foron do SOG e da ING e hoxe son da INTG na zona de Vigo, esta campaña do 1º de Maio caracterízase por un ambiente de camaradería e entusiasmo xa que se abre a posibilidade de recuperar para o sindicalismo nacionalista dous aspectos, fundamentais en toda central que se considere de clase, esquecidas desde hai anos na práctica sindical desta localidade: a Movilización e a Solidaridade.

Desde que a Convergencia Sindical Nacionalista (Ex-csnt máis funcionarios) se fixo coa dirección da central en Vigo, vai para 4 anos, non houbo nen unha só mobilización programada e levada adiante pola INTG, e se ben é certo, e grave, o que se recolle no documento que a D. Nacional enviou aos afiliados aclarando o boicot da maioría da D. de zona ás mobilizacións promovidas polo conxunto da central: 25 de Xullo, 10 de Marzo, traída dos restos de Castela, campañas anti-Otan, non é menos grave, e certo, que nunha localidade da importancia industrial de Vigo, a INTG non tivera nos últimos 4 anos a iniciativa de ningunha mobilización dos traballadores. Cómpre deixar claro que as mobilizacións xerais foron sempre a iniciativa da D. Nacional e concretadas na zona fóra das directrices, dun xeito ambíguo e da man de todo o españolismo.

Para moitos traballadores nacionalistas ábrese a porta para poder mobilizarnos, en Vigo, coas nosas propias alternativas: "Contra a política económica do Goberno do PSOE e da Xunta de AP, contra a Otan e a CEE e pola liberación nacional", e sen ter que ir do brazo dos que nos explotan ou dos que non teñen reparos en traicionarnos e outra vez aos traballadores galegos.

Este 1º de Maio significa o inicio da posibilidade de recuperar as asambleas intersectoriais e as asambleas de afiliados imprescindibles para dotar a central sindical do coñecemento e do debate necesario para dar respostas Solidarias aos problemas, e para que a necesaria estrutura organizativa por sindicatos e empresas non serva, como en Vigo, para fomentar o sectorialismo e matar a Solidaridade.

Debemos de ser críticos coa

nosa propia actuación por non ter denunciado dun xeito máis contundente (en aras de manter un falso pluralismo) o peche, unha tras outra, de empresas con maioría de afiliación á nosa central (Ruibal, Ruisan, Naval Vigo, Aunaval, Rejojo, Cafila, Ellon), sen que a maioría da dirección de zona movese un dedo, e cando algúns intentábase tomar algunha medida solidaria (Ruisan, Ruibal Santomé) acusábase nos de realizar sindicalismo paralelo e de "meter a política polo meio" segundo as súas mesmas palabras. Así ollábase impotentes, e sen posibilidade de debatelos, como militantes que deron anos de entrega á construción da INTG retirándose ás súas casas en desacordo coa actual dirección da central, ou como compañeiros quedaban na rúa e nen sequer contaron coa asistencia xurídica necesaria, nalgun caso tratándose de cadros sindicais que aportaron moito para erguer a INTG.

Sabemos que o futuro vai estar cheo de dificultades, pero, cal sería o futuro dunha central nacionalista desmovilizadora e insolidaria? Cal sería o futuro dunha central sindical que o seu local social semella unha saía de espera da Seguridade Social, onde os ali sentsados, esperan o seu turno individual de consulta, mais preocupados de ter as cotizacións ao día para contar con dereito a un abogado que de receber o apoio e a solidariedade normal nunha central sindical de clase?

Cal sería o futuro dunha Central onde a grande parte dos afiliados que non teñen reparos en firmar os escritos, para sumarse á campaña da Convergencia Sindical Nacionalista, alimentada pola prensa burguesa en contra organizacións nacionalistas, incluída a INTG, apoian tanto electoral como socialmente a AP e PSOE (se algún pensa que isto é pasarse, que busque a opinión destes sectores sobre a OTAN, o Aborto, o Comunismo, a Constitución a Liberación Nacional, por pór algúns exemplos).

Sabemos das dificultades para seguir avanzando. Sabemos que moitos "tíbios" que meden a implantación da Central Sindical polo número de comunicados que saen na prensa burguesa, van quedar á marxe, porque a eles góstanlles que os traballadores galegos tivemos xa unha Central Sindical máis grande, máis forte, máis democrática, pero que sexan outros a que a levanten. A nós, tamén, góstanlles que a INTG fose máis grande pero con máis capacidade de enfrontamento cos que deciden e programan a ruína da nosa nación, e por iso que seguimos, pouco a pouco, pondo o noso pequeno esforzo para seguir construíndo, é por iso polo que para nós este é un 1º de Maio de alegría.

Xavier Alonso é

Membro da Comisión Xestora de Vigo

SOCIEDADE

afectuosamente

O desamor

É un sentimento especialmente intenso, ás veces moito máis que o propio enamoramento.

A separación de persoas que se aman pode darse por moitos motivos, pero dous acostuman a ser os máis evocados: o "xa non marcha"; ou ben o "resultaba difícil manter a relación con esas dificultades obxectivas". En todos os casos quedáanos unha sensación de perda, de ter deixado un xirón de nos mesmos nunha esquina da vida.

Nos casos en que a cousa non funciona todo parece estar claro; naqueles nos que a separación prodúcese por causas de "forza maior" contámonos unha mentira. Este é o caso dun que cando a moza lle marchou a Nicaragua ofertoulle como despedida esta suxerente frase "xa podes cepillarte a un batallón"; isto viña proclamar a entrada nun dos pasos do que adoita a ser a defensa contra a perda dun obxecto de amor. Perda que é tamén de algo de nós mesmos. A frase "é como se perdesse parte de min" non é nada chorra; ao contrario, ven reflexar a realidade psicolóxica de que non podíamos amar a alguén co que non nos identificásemos.

A anguria que isto provoca lévamos como defensa contra a aflicción, inicialmente, ao cabreo. Así transformamos o amor en noxo: é máis fácil desidentificarse a respeito dun "cabrón-a", que ten a culpa de todo, que a respecto dunha persoa encantadora. Logo pode vir aquilo de "xa podes cepillarte a un batallón"; manifestación de agresividade, aínda que se ofereza co sorriso nos beizos, que ven sendo a segunda modalidade defensiva: "non me importa nada, para que vexas". O caso é que o noso narcisismo non naufrague.

Pero como isto non acaba de funcionar de todo (non o cremos nen nós, que se diría) a continuación pómonos a ligar como tolosas. Esta procura furiosa de praces axúdanos a desprazar: sería aquilo de "a rei morto, rei posto". O último paso, ás veces o primeiro dependendo da neura persoal, é teorizalo: isto é o mesmo que dicir "o que non se consola é porque non quer"; a mistificar que algo queda.

Pero por qué montamos estes tinglados? Debe ser que estas separacións no nome da vida que segue, no nome dunha realidade obxectiva, levan o carimbo da morte. A teoría do amor imposible non ven ser outra cousa que a renuncia masoquista ao obxecto de amor. Mesmo pode dicirse que a separación é, en vida, unha capitulación ante a morte, unha especie de suicidio da conciencia. Porque afinal o outro morre en nós e arrastando ese cadáver, algúns unha *morgue* inteira, dámonos conta —aínda que os homes teñamos especial interese en negalo— que a senténcia foi ditada tamén para nós, pasamos a ser unha mómia na conciencia da amada-o. Ou sexa que a Dor do Desamor, afinal, é unha dor narcisista. Porque non é certo que "non nos olvidará nunca".

Así o desamor cede o paso a un deber: o de esquecer. Deber que pode protexernos contra a depresión, pero que impide, polo mesmo, calquer intento reparador.

Non hai case ningunha separación forzosa. O renunciar a unha relación por razóns obxectivas é darlle unha baza á morte —propria tamén— fronte á vida.

De todos os xeitos, a solución non parece ser o vivir menos para non morrer tanto.

M. FERNANDEZ/M.V.

"Hai unha grande confusión en Portugal sobre Galiza, e xa estou farto de falar e explicar por todo lugar que Galiza non é España, que é un país diferente, cunha cultura propia, unha lingua semellante á nosa... pero a xente non quer comprender, non se dá por inteirada".

Cando chegamos a Aceitao, nun día bañado de sol a fins de marzo, iniciábase unha xornada que non íamos esquecer. O Quico de Cariño conseguiu concertar esta entrevista co Zeca Afonso, apesar de que a súa enfermidade impédelle falar longo



"Os festivais poden contribuir a dar unha noción de forza colectiva"

cacho, e soe rexeitar moitas conversas que lle peden os meios de comunicación. O propio Quico asegurábanos que fora unha deferencia con A NOSA TERRA, da cal ten dito "gosto moito de lela, e os galegos teñen sorte de ter un xornal como ese". Alén da gabanza, que agradecemos, está o seu interese, de xa moitos anos atrás, por Galiza. A frase que inicia a entrevista resume esa atitude, mesmo militante, de amor solidario ao noso país "mando saúdos e apertas a todos os amigos galegos que seguen a miña traxectoria. E mágoa que non haxa cantantes galegos nos festivais, tiña que haber galegos!".

Chegamos á súa casa pasando xa o mediodía. O Zeca aínda había pouco que se erguera e sentíase canso, tanto que pensamos que non íamos poder conversar con el. Despois de varias horas, e con intervalos para el poder descansar, conseguimos ir desfrapando unha serie de temas, necesariamente falados por riba.

O Zeca quer saber de todo e preguntanos a nós, adiantándose, sobre o momento literario galego, sobre a reconversión naval en Galiza, sobre a situación lingüística e exponnos as súas opinións: "Galiza sempre foi unha pátria de poetas... coñezo pouco o momento actual da música galega pero sei de Emilio Cao, de Milladoiro... antes ía frecuentemente por Galiza, e sei perfectamente que hai unha opresión lingüística e unha opresión política; naqueles anos era unha minoría quen defendían a cultura galega". O tema do achegamento de Galiza e Portugal surxe lóxico; "o intercambio cultural sería moi importante, pero a respecto da grafía penso que se debe manter unha grafía galega, hoxe por hoxe. Non podes dicir neno e escrever menino, dicir crego e escribir padre... debe haber aproximación pero sen hipotecar a característica fonética galega". Sobre as dificultades de impor usos do idioma en terrenos vedados "a lingua ten que ser defendida nas ruas, en todos lados. Introducir o galego en todos os hábitos cotidianos é a única maneira de resistir". Zélia, a compañeira, tércia "nunha lingua invariabelmente pér-

Grândola. 25 de Abril. Revolución dos caraveis. Portugal. Nomes e datas que moitos galegos asocian co nome de José Afonso, o cantor portugués por quen moitos no noso país preguntan, falou para A NOSA TERRA nunha entrevista que traí noticias despois de moitos meses. Zeca Afonso ten que estar apartado da actividade pública por unha enfermidade traidora —esclerose lateral amiotrófica é o nome da culpábel—, pero segue a demostrar que aglutina os anxeos e mesmo as frustracións de moitos portugueses, como se comproba coa masiva asistencia aos festivais-homenaxe que se están a facer por toda a xeografía de Portugal. José Afonso, aos seus case 56 anos, é un exemplo de coherencia e

de compromiso co povo "o rico sempre é un fillo de puta, onde topas á mellor xente é entre a xente pobre". Chico Buarque, Sílvio Rodríguez, Carlos Mejía Godoy, Daniel Viglietti, e outros cantantes que interviron en Abril do 1984 en Manáguá no "Concerto pola paz e a non intervención en Centroamérica" dirixíanlle unha mensaxe "(...) queremos enviarche unha aperta revolucionaria e contarche que te sentimos conosco cantándolle ao home novo que, como agora en Nicaragua, un día ha nacer en Portugal. (...)". Con Zeca estivemos conversando mentres o cansancio non o impediu, nun esforzo que en nome de todos lle agradecemos.

José Afonso

"O cidadán político é indisociábel do cantor"

dense certos valores en función da práctica, e non é posíbel manter unha lingua no seu aspecto antigo". "E preciso defender a lingua, —é outra volta o Zeca— é bonito. Eu estiven en Cangas do Morrazo e aló fálase un galego lindísimo. O núcleo de resistencia da lingua ten que partir daí, de Cangas", engade sorrinte.

"Penso que hai un tema que tedes enfocado mal en ANT, sobre a semellanza do Norde de Portugal e Galiza. Aquí hai un proceso que fomenta a división entre o Norde do país e o Sul. Falar no Norde de alentjanos é como falar de Cuba ou de Moscú... son estranxeiros, xentes que non traballan. O esquema que teñen sobre a xente do Alentejo é dun segregacionismo fomentado pola televisión. Nunca transmiten nada do Alentejo na RTP, e do Algarve só para falar do turismo. Nesa idea é que se traballa sobre a xente do Norde. O escrutamento existe tanto en Galiza como no Norde de Portugal, pero na Galiza a xente é moito máis aberta, moito máis lúcida. Sobre iso non teño a mínima dúbida". Perguntámoslle sobre se o establecemento dun eixo económico Galiza-Porto sería xerador dunha meirande aproximación: "mira, hai unhas semanas fixéronse uns actos no Norde dirixidos por un grupo de industriais, xente das cámaras municipais, algúns escritores e intelectuais, coa idea central de que Portugal nunca sería nada sen Porto. Todo iso cun carácter localista e reaccionario. Aquí só teñen unha preocupación, pertencer custe o que custe á CEE. Non se fala de máis nada, todos os días. E a CEE é para eles unha garantía política da súa continuidade, non interesa se ten ou non beneficios para Portugal. Nunca se explicou o que se pretende con ela. Nada. Nunca foi feita ningunha consulta a nengun nivel. Sábese que a CEE é unha garantía política para continuar no poder, e así, por exemplo, a reconversión fanna con miras á CEE".

"Grândola pertence á historia, ao pasado"

O canto e a militancia...

"Hai unha cousa que quero que denuncies, é ao Arnaldo Trindade, o que levaba as casas de discos Orpheo e Rádio Triunfo, un tipo que non paga, e que aproveitando da boa vontade ten defraudado e esquilado unha cantidade cartos, especialmente declarando vendas que co tempo comprobamos que eran falsas. Dicia que, por exemplo o Fausto, vendía dous, tres ou ao sumo cinco milleiros de discos, e agora comprobamos que vende case 20.000 elepés. Enriba, ademais de editar os discos nunhas nefastas condicións técnicas, di-

cia que a música de esquerda non había que promocionala...". Perguntámoslle se eran razóns ideolóxicas as que obstaculizaban grabar nas grandes casas discográficas, "eles non estaban interesados en integrar a cantantes cunha forte marca política. A min a Polygram ou a CBS nunca me convidaron", e sobre os límites entre o cantor comercial e o político dinos: "no proceso actual xa non hai esa diferenza, e iso non é unha crítica aos meus compañeiros. É unha época na que a fronteira entre o cantor político e o cantor de mercado case non existe. O cantor de intervención ten un produto máis elaborado, máis intelixente, máis activo, pero a distancia entre uns e outros non é tan grande como noutro tempo. Xa se foi o tempo en que o cantor collía unha guitarra e preocupábase máis polos resultados políticos da súa intervención que dun resultado artístico so-

ainda que eu sempre fun moi escéptico acerca do alcance da canción, mais coído que perdeu moito dese impacto que tiña. E moito xa un meio de consumo". E a Grândola, foi conxuntural? "Grândola pertence á historia, ao pasado. Se ti foses cantar a Grândola, para o Norde si ten un sentido: actua como un meio de axitación nun terreno conservador, controlado polos caciques, os cregos, ten un determinado poder de subversión. Aquí non: podes cantar a Grândola e non pasa nada".

A pregunta que surxiu era sobre a minimización dos chamados cantautores nos medios de comunicación, o Zeca abonda: "o capitalismo vai iniciar os primeiros pasos, as multinacionais toman conta da venda dos discos, e o seu obxectivo fundamental é vender o disco anglo-americano. Pouca importancia ten o Zeca Afonso, o Fausto, o Vitorino... venden



20.000 cópias fronte a centos de milleiros. Ti escoitas música angloamericana aquí en Portugal da mañá á noite, as 24 horas do día". Sobre o compromiso artístico e político esténdese: "o senso do cantor de intervención e a militancia política son indisociábeis para min. Non se pode cantar, non se pode dicir en palabras unha cousa que despois non se faga na práctica. O cidadán político é indisociábel do cantor. Nese camiño Daniel Viglietti é un exemplo para min". Non pensas que a atitude do intelectual europeo tende a divorciarse? "iso pódese explicar en parte

Cres que segue a ter sentido hoxe o cantor político? perguntamos: "a canción é un meio axitado para axudar a un proceso de transformación,



polo nivel de vida acadado nesa altura, pero o pior deses intelectuais é que son anticomunistas, por exemplo esa "inteligentsia" francesa. Son beneficiários, pola situación que viven, da economía de mercado occidental, e non escriben para Nicaragua, para o Peru, para Panamá, para o Timor Leste. En en xeral non é esa a atitude, por exemplo, dos intelectuais latinoamericanos".

A situación de xenocidio do Timor Leste é unha constante na preocupación de José Afonso. Quer que nos festivais se lle dé preponderancia aos comunicados que denuncian a situación desta ex-colonia portuguesa invadida, coa indiferencia internacional e da ex-metrópole, por Indonésia "estou profundamente ligado a eles por opción. A situación do Timor-Leste é de escándalo internacional. Non mereceu atención nen da ONU, en gran parte polo silencio imposto polo goberno portugués, polo goberno PS. E preciso facer axitación en todas partes sobre esa situación".

Esa seriedade, esa solidariedade internacionalista, lembrounos o final da mensaxe dos cantantes latinoamericanos en Manáguá "(...) aquí, en Nicaragua libre, non se suspende a poesía ante a agresión porque -como di o emblema deste encontro- "a loita é o máis alta dos cantos". Compañeiro José Afonso: o teu comtabe é o noso".

Asombra a enerxía deste home, minado na súa saúde, cando se fala dalgunha inxusticia, ou dalgunha traición, cando falamos de Nicaragua, ou da fame no seu país: A Zélia entrégalle un debuxo saído na prensa portuguesa. Vese unha caricatura que recolle as declaracións dun alto personaxe político que di "Fame en Portugal?, fame só hai no Brasil e en Eipia", e encéndesen unha rábia calada

Desde aquel primeiro acto multitudinario téñense sucedido restivais-homenaxe sen interrupción. O día que voltábase para Galiza tiña lugar un en Viana do Castelo; tres semanas antes fora Setúbal quen o vivira, "non sei por qué teñen esa acollida, é unha interrogación. Non sei qué feitos su-

"A CEE é unha garantía política para continuar no poder"

ceden para xuntar ás persoas. Poden contribuir para dar unha noción de forza colectiva. Suporto que depende do meio e do que as persoas queiran facer". O Zeca, na medida do que pode, procura controlar que sexan actos de unidade, de mobilización e de participación "sí, que sexan actos abertos con cantantes, bandas de música, grupos culturais. Eu propio non me intereso. A música é un servíciu prestado, e a utilidade dese servíciu depende moito da función que teña nun determinado ambiente e nun determinado tempo. A acción actual é máis cívica e máis política".

A asistencia é do máis heteroxénea, pero, chegan hoxe os cantores á xuventude?, "a relación que existe hoxe entre nós e a xuventude é completamente diferente á de hai doce anos, non ten que ver coa da resistencia antifascista. Cantamos para qué?, aquilo que cantamos e dicimos, non estará desadaptado da situación actual, da realidade que se vive en Portugal e na Europa actual. En certa maneira a xuventude está alienada. Non quer pensar. E unha atitude que só persegue o gozo inmediato do que se está a facer".

Ainda falamos de máis cousas, pero o esforzo do Zeca xa fora demasiado grande. Cásalle falar moito seguido, pero aínda ten tempo para bromear. O Samuel, un amigo que nos acompañou, lémbrelle que cando o coñeceu mantiña conversas con catro grupos de persoas a un tempo. O Zeca rise, "é a miña vea frustrada de líder. Eu gustaría de ser como Napoleón, que escribía dez cartas á vez".

Son as 7,30 da tarde. Véñenlle pedir unhas palabras nunha grabación para un grupo cultural no que el fora animador uns anos antes, chámano por teléfono para lle pedir entrevistas que ten que refugar. Dinos que mandemos un saúdo para todos os seus amigos de Galiza, e saímos de volta para Lisboa co ánimo entre ferido e contento. Aínda lle ouvimos ao Zeca dicir "qué pronto se me foi o día!".

Texto e fotos: XAN CARBALLA

"A cultura é também uma forma de resistência"

A mensaxe que reproducimos foi lida no festival de Setúbal, e resúme a intención con que José Afonso entende as homenaxes. En Viana do Castelo foi reproducida unha mensaxe grabada na mesma liña da que segue.



Gostaria de esta presente, como tenho feito em ocasiões semelhantes, mas o receio de nao conseguir enfrentar uma situação que me emociona levou-me a escolher este processo de comunicar convosco. Envolve num abraço fraterno todas as pessoas e todos os grupos aqui presentes desde os grupos corais e bandas passando pelos actores, artistas plásticos, músicos, can-

tores, que quiseram que esta festa fosse um motivo de encontro, de alegria entre companheiros de luta. Esta festa é também importante porque a imagem que tenho de Setúbal está intimamente ligada à tradição democrática e popular que desde o principio do século esta cidade sempre teve. Esta imagem nada tem a ver com a outra, falsa, de Setúbal ligada à alta corrupção e ao

terrorismo fardado (G.F., GNR e quejandos).

Que estas horas de convívio sirvam para denunciar com vigor a fome e a miséria que atinge o sector mais representativo da população de Setúbal: a classe trabalhadora.

Que o nosso silêncio nao seja cúmplice perante a situação degradante que se está a viver nesta cidade, e um pouco por todo o país.

Gostaria também de endereçar duas palavras de amizade e encorajamento à juventude aqui presente.

Este Sistema nao foi escolhido pelos jovens. Só um acto de resistência colectiva conduzirá à sua destruição. Há que rejeitar a hipocrisia que está por detrás das boas palavras com que os dirigentes deste país enganam a juventude em nome da ordem e da democracia.

Quería ainda saudar os representantes das colectividades populares que, à margem de todos os apoios oficiais, tentam desenvolver, com os jovens, actividades de animação cultural e desportistas, criando condições de transformação social. A cultura é também uma forma de resistência.

UM ABRAÇO — JOSÉ AFONSO

Este home é un grande amigo

BENEDICTO

Cando un se encontra cun homes curtido polos anos e as batallas, que chora silenciosamente escoitando un canto mineiro en boca dun traballador silicótico en 5º grado, non pode por menos que pensar que está diante de alguén con sensibilidade moi por riba do normal. E cando se ten a sorte de conviver moi estreitamente con esa persoa por espácio de dous intensos anos, resulta moi difícil tentar ordenar as ideas para poder transmitir, aínda que só sexa parcialmente, a profundidade das emocións que ao seu lado se poden sentir.

A miña primeira aproximación a Zeca Afonso, á súa vez, foi en Madrid, en Decembro do 71. Nun faiado-piso, faiado do Madrid dos Austrias, un amigo fíxome escoitar un disco esencial: "Traz outro amigo também". Eu era, desde neno, profundo admirador de todo o que se referise á utilización da voz, do canto. Pero aquilo que escoitaba era algo máis que unha técnica depurada. Era, por un lado, unha voz ao mesmo tempo desgarradora e arrolante, masculina e feminina, aguda e grave, suma dunha gama extensa de vibracións e harmónicos; e, por outra banda, aquilo púñalle a carne de galiña a calquera, ou, polo menos, a min mo parecía. Detrás daquela voz había un mundo inmenso de sentimentos.

Desde aquel día tiven unha idea fixa: "a este tipo teño que coñecelo como sexa".

E foi do xeito máis fácil: ir até a súa casa de Setúbal e sentarme na sala e falar con el. Durante catro

horas estivemos falando dun xeito algo ambíguo e inconcreto. Estaba como estrañado cada vez que falábase de Galiza — "mas vocês som mesmo galegos da Galiza? E venhem de lá para falar comigo?" Logo das catro horas e de facer as súas composicións de lugar, confesou que estivera desconfiando todo ese tempo de que fóssemos PIDES (axentes da policía política de Salazar-Caetano). Era o seu primeiro contacto con galegos de carne e oso, aínda que non coa cultura galega — xa coñecía, polo menos, a Rosalia...

A partir do mes de Maio do 72 até Marzo do 74 percorreríamos moitos quilómetros duns cantos países dando recitais, animando, grabando discos, xuntando persoas...

Creo que foi o ano 73, é o de menos. Estaba próxima a pantomima dunhas eleccións xerais que, para dar credibilidade (?) ao réxime, celebrábase cada cinco anos. As eleccións, aínda que eran un puro fraude, ofrecían a oportunidade de ter, durante un mes e vinte días, un certo respiro que era aproveitado polas forzas democráticas para a máis elemental e obrigada axitación. Logo do día das eleccións, o personal era debidamente recluído na "grelha". Pero non había censo. O Estado non se responsabilizaba dese trámite, sendo portanto os particulares os que, de ter interés por votar, deberían preocuparse por facelo.

Cántas horas pasamos diante das portas das fábricas tentando censar aos traballadores que saían do tallo? E a furtoneta da GNR sempre

á beira, sen intervir directamente, pero claramente coaccionando aos menos decididos para que non se acercasen á mesa plegábel cos papeis do censo e así non poder sequer participar naquela mascarada...

E incríbel ver a este home, sempre denostado politicamente, hoxe por un grupo mafía por outro, pero sempre-respeitado no seu compromiso cívico e artístico, marchar ergueito deixando atrás, por abandono ou traición a alguns, demasiados, daqueles que tiñan camiñando ao seu carón. Lembro tres casos moi evidentes.

Un militar, comandante de aviación no 73, trostquista, leitor e melómano empedernido. Para min, que chegaba deste país, algo inusitado. Participa no 25 de Abril e cando as cousas se poñen feas, traiciona. Era o seu amigo. Dedícalle unha canción: "Como se faz um canalha".

Un dirixente negro de Moçambique. Coñecino co Zeca no hospital da prisión de Caxias. Vendíamos o seu libro, o libro da súa proclama e a súa testemuña nos recitais, reunións, etc... Cando é liberado, abandona. Era o seu amigo.

Un líder dun grupo popular con quen comparte militancia durante un tempo. Home importante nos últimos anos do fascismo. Sofrera prisión en moitas ocasións e era un home certamente carismático; páse-se, logo dunhas pequenas vacilacións, ao PSP apoltronado no poder. Era o seu amigo.

Estes abandonos e traicións, no político, poden provocar o cabreo ou desengano, pero no home producen dor e amargor. E máis cando se trata dun home que é capaz, entre recital e recital de tirar "diñeiros" para comprar un tractor para tal ou cal cooperativa do Alentejo, parase nun camiño para ver unha porta, un balcón dunha casa que lle chama a atención por algo que ten de criativo, orixinal, popular, non bastardo, non contaminado. Ollos e orellas que non paran de estar atentos para transformar cada pulso en canto de vida, tarareando nerviosamente polo cuarto mentres co seu dedo polegar "a cousa mais feia que tenho, como dizia a minha tia", rãñase entre os rizos da súa enorme testa entrecana.

Este home é un grande amigo.




Velaquí as

Resume de contas

Alguras

**INÍCIASE O PLAN DE
ELECTRIFICACIÓN RURAL
POR VALOR DE 20.000
MILLÓNS DE PESETAS**



O ano de 1984 supón a posta en marcha dun plan cuatrienal de electrificación rural por valor de vinte mil millóns de pesetas que permitirá situar á nosa comunidade autónoma a un nivel medio, co resto do estado español.

No PERGA 84 aportáronse 1.222 millóns de pesetas con fondos propios que orixinaron unha inversión real de 3.573 millóns de pesetas.

**500 MILLÓNS
PARA A
VIVENDA
RURAL GALEGA**

Para mellora-lo medio rural galego e adicados a obras de construción de equipamentos comunitarios, primarios, conservación de avenidas, prazas e zonas verdes, a Consellería da Presidencia adicou na provincia da Coruña 202 millóns, en Lugo 76 millóns, 30 millóns en Ourense e 170 en Pontevedra.

**UN GRAN ESFORZO
PARA PROMOCIONAR
GALICIA EN ESPAÑA
E NO EXTRANXEIRO**

En promocións turísticas realizáronse importantes accións para dar a coñecer Galicia, dentro e fóra de España, cunha inversión de 72 millóns de pesetas.

Diversas campañas publicitarias nos medios de comunicación social, vallas, cabinas, asistencia a feiras e certames turísticos nacionais e internacionais: numerosas edicións impresas, publicacións e material audiovisual, así como subvencións a corporacións e a entidades galegas, sen fins de lucro, para accións de promoción e fomento do turismo.



1.º Premio Nacional FITUR-85



Colexio «San Cristóbal». Na Coruña-Capital, nos dous últimos anos, realizáronse inversións por máis de 1.300 millóns

**MELLORADA
INFRAESTRUCTURA
EDUCATIVA**

Dun total de 17 Comunidades Autónomas, Galicia, en 1980, ocupaba o lugar 16 en número de alumnos en preescolar e en número de alumnos universitarios, e o posto 15 en número de alumnos de BUP e FP (sempre por cada 10.000 habitantes).

Aínda que o déficit de infraestrutura se valora hoxe en 55.000 millóns de pesetas, nestes dous últimos anos, a Consellería de Educación e Cultura construiu 130 novos centros educativos, invertindo 2.200 millóns nun programa de reparación de centros e elevou en 10 puntos a taxa de escolarización en preescolar que hoxe, co 85 %, supera a media nacional. No presente ano entrarán en funcionamento outros 7 Institutos de BUP, 6 de FP, unha Escola de Idiomas na Coruña, ampliaranse outros 6 centros, xa existentes, e inauguraránse 28 en EXB, con 256 unidades que con outras 100 de ampliacións significan máis de 14.000 postos escolares.

CORTE Resume de contas

As contas.

XUNTA DE GALICIA

Figuras das realizacións da Xunta de Galicia no ano 1984

9.000 MILLÓNS EN AXUDAS AS PYMES

Co convenio entre a Xunta de Galicia e entidades financeiras establecéronse as bases para a concesión de créditos ás PYMES en condicións excepcionais.

Distribución de créditos en millóns de pesetas

Provincias	Número préstamos	Importe préstamos	Inversión realizada	Postos de traballo
A Coruña..	238	2.121	3.140	550
Lugo.....	54	473	762	96
Ourense...	68	704	1.194	334
Pontevedra	242	2.220	4.180	1.167
Total.....	602	5.518	9.276	2.147

Datos referidos a solicitudes con calificación definitiva 31-12-84. Os préstamos están formalizados ou en vías de formalización

IMPORTANTES

INVERSIÓN PARA A MELLORA DO MEDIO RURAL

A Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación concentrou 23.000 hectáreas de terra durante 1984, fronte ás catro ou cinco mil que se concentraban tradicionalmente cada ano. En 1985 está previsto realizar actuacións de concentración parcelaria en 35.000 hectáreas.

Tamén se investiron 200 millóns de pesetas no Plan de Camiños Rurais, 76 en electrificación rural e 34 millóns de pesetas en industrias agroalimentarias.



42 NOVOS CENTROS ASISTENCIAIS

Cunha inversión de 1.900 millóns de pesetas púxose en marcha a construción de 42 centros asistenciais repartidos en: 23 centros sociais, 5 residencias de terceira idade, 12 garderías infantís, 2 centros ocupacionais e 3 centros de seguridade e hixiene no traballo.

Subvencións e axudas para a infancia, xuventude, drogadicción, alcoholismo, diminuídos psíquicos e físicos, por un importe de 635 millóns de pesetas.

OBXECTIVO:


UN CENTRO DE SAÚDE PARA CADA CONCELLO

A realización do Mapa Sanitario da Comunidade Autónoma Galega, no que interviron tódolos sectores sociais, económicos e sindicais, deseña a planificación sanitaria que precisa a nosa terra.

Un centro de saúde para cada concello é o obxectivo asistencial da Consellería de Sanidade e Consumo, a isto adicou 1.600 millóns de pesetas.

Cen mil nenos galegos estanse

beneficiando da aplicación da Lei de Sanidade Escolar por medio de exames de saúde. Tamén os centros escolares foron dotados dun completo equipo médico, 381 millóns ata agora.



FORTES INVERSIÓN EN ESTRADAS

4.490 millóns foron invertidos en construción de novas estradas e en obras de reparación.

Tamén se elaborou o plan de estradas de Galicia que prevé unha inversión de 67.575 millóns de pesetas nos próximos 8 anos, estando adxudicadas xa obras por un importe de 8.000 millóns de pesetas, que teñen como prazo de execución os exercicios de 1985 e 1986.

Cabe destaca-las obras da estrada Vigo-A Ramallosa, o tramo Sabón-Carballo, a ponte de acceso á Illa de Arousa, as estradas Santiago-Noia, Padrón-Ribeira, Lugo-Ferrol...



Ponte de acceso a Illa de Arousa

Galicia camiña.



Os insecticidas non son a solución á praga das típulas



Juan José

Máis unha vez, a praga de típulas que desmou en anos pasados as pradarias galegas, volta á actualidade ao verse afectadas cinco mil hectáreas de prados na provincia de Lugo.

RAMON VARELA

A Consellería de Agricultura da Xunta de Galiza fixo pública días pasados a necesidade de combater con produtos químicos —insecticidas— a esta praga, chegando a subvencionar este organismo dez mil litros de compostos químicos para tal fin, e recomendando unha serie de marcas que se poden comprar no mercado.

Antes o Ministerio de Agricultura e agora a Administración Autonómica, lonxe de buscar unha solución científica e racional de acordo co equilibrio na natureza para prever e combater as pragas de típulas, está aconsellando pesticidas que, na práctica demostrábase, son de dubidosa eficacia, tóxicos, persistentes e incluso faise necesario manexalos con sumo coidado polo perigo de intoxicación que poden acarrear.

Xa no ano 1979, os organismos oficiais recomendaban a utilización de pesticidas fosforados como Fenitrotion, Diazinón, Triclorfón... etc. e apesar do seu uso e utilización nalguns casos "en exceso", a praga non remitiu, aínda que as autoridades falen da efectividade dos tratamentos. Na actualidade insístese nos mesmos métodos de forma sospeitosa cando os fracasos foron e son do máis rotundo, sen ter en conta que repetir un mesmo praguicida contra unha determinada praga vai progresivamente diminuindo a súa efectividade aínda que se aumenta a dose. Este principio básico que convén ter en conta ao estudar a resistencia dos insectos aos praguicidas, parece desconecerse polos responsábeis de Agricultura, como tamén parecen desconecer os efectos e danos que os praguicidas teñen ou poden ter sobre a fauna terrestre ou acuática, vexamos:

- 1.- Menos do 50 por cento do líquido utilizado como insecticida dá no branco, o resto, desde o solo, drénase pola auga freática e camina as correntes subterráneas, ríos e regatos, tamén pode evaporarse nunha pequena parte na atmosfera, contaminándose así a vexetación, solo, flora e fauna dos medios acuáticos.
- 2.- Os insecticidas matan indiscriminadamente, neste caso non só as larvas da típula, senón tamén a seres beneficiosos como as abellas (importantes axentes polinizadores), moi sensíbeis ao Diazinon, agora recomendado, pero tamén outros animais aparte dos insectos venise afectados negati-



vamente, como as miñocas (moi beneficiosas por mellorar a estrutura do chan), os páxaros insectívoros, lebres, coellos... etc. Ao alimentarse de vexetais ou insectos contaminados por veneno, poden tamén morrer por culpa dos insecticidas.

- 3.- Os insecticidas acaban por provocar novas pragas, ben dos mesmos insectos porque adquiren resistencia, ou ben de insectos que antes pasaban desapercibidos e que agora, por mor deles, teñen condicións idóneas para propagarse. Non esquezamos que na natureza as diferentes especies están interrelacionadas e ao influir nunha repercute nas outras.
- 4.- O tratamento das pragas unicamente a base de pesticidas leva consigo que se precisen cada vez maiores doses, con resultados cada vez menores.
- 5.- A utilización de insecticidas fosforados na conca do río Miño, supón un risco de eutrofización notábel nas augas encoradas, o fósforo dos insecticidas actúa abonando anormalmente e en exceso as augas fluviais, provocando floracións de algas e alterando o ecosistema, até o punto

de provocar desastres ecolóxicos na flora e fauna fluvial. Recordemos que grandes manchas de algas verdes de Portomarin aparecidas en anos pasados, así como na zona dos Peares, son síntomas dos desequilibrios que xa hoxe se están padecendo por mor dos vertidos de augas residuais sen depurar das cidades, das industrias agrícolas e en gran medida dos insecticidas utilizados en agricultura.

Por todo isto sería recomendábel enfocar o problema das típulas desde outro ángulo, totalmente oposto aos insecticidas; a solución correcta pasaría por:

- 1.- Prácticas agrícolas correctas. Evitando a excesiva humidade dos prados, cortando a herba rente ao chan en determinados momentos do ano, e outros labores de cultivo que vaian na liña de contribuir a que non apareza a praga de típulas.
- 2.- Utilización da loita biolóxica. A loita natural ou biolóxica aproveita as cadeas alimenticias que de forma natural controla o número de seres de cada especie. no caso da típula, o potenciamento de aves e animais que se alimentan das larvas, ou dos adultos, como a Bubela, os Estorninos, os Tordos, Melro, Peto... etc.
- 3.- Utilización de técnicas autocidas. O mantimento da típula por baixo de niveis nocivos para os prados pódese conseguir esterilizando a un número determinado de machos, ou empregando feromonas sexuais (ou atraíntes sexuais) ou mesmo repelentes (alimenticios, de apareo, de ovoposición...)

Estes e outros métodos fan incesaria a utilización de insecticidas químicos, sumamente custosos e que unicamente están a beneficiar aos monopólios e multinacionais que os fabrican, conducindo aos labregos a un calexón sen saída, e quedando demostrado que son métodos irracionais de combate que poden substituírse con facilidade e con vantaxe (ecolóxica e económica) polos métodos e prácticas arriba sinaladas.

A importancia duns organismos agrarios afincados na nosa realidade, queda en evidencia, ao comprobar como despois de 15 anos de combate irracional a base de produtos químicos contra a típula, esta praga segue gañando terreno e agora a Xunta até subvenciona, supomos co beneplácito dos monopólios, unha loita inservíbel, e perda de antemán, que comporta ademais repercusións graves para o equilibrio da natureza.

Ramón Varela Díaz é biólogo e presidente de ADEGA

ollada inxénua

A teoloxía da liberación

FRANCISCO CARBALLO

O mesmo en Ferrol que en Vigo, a Coruña que en Santiago, a Teoloxía da Liberación ten capacidade de convocatória. Un fenómeno do Terceiro Mundo faise ouvir aquí con intensidade e non só con curiosidade.

Foi no Brasil onde as Comunidades de Base acadaron máis rápido crecemento; hoxe pasan de 100.000. Pero non é samente aí onde se tinxen de sangue martirial, máis regos corren en Centroamérica. El Salvador, Guatemala, Nicaragua están cobertas por esas comunidades cristiás nas que as relacións son de tu a tu, os ideais os mesmos, a comunicación de bens é intensa e o alento até o martirio continuo. Os "escadróns da morte" no Salvador levaron xa a milleiros de cristiás, polo simple feito de ser campeesinos, estudantes ou membros de base cristiá á morte.

Sobre esa base traballan os teólogos da liberación: G. Gutiérrez no Perú, L. e C. Boff no Brasil, S. Galilea en Chile, Jon Sobrino e I. Ellacuría no Salvador, J. Scannone e E. Dussel na Arxentina, J. L. Segundo no Uruguai, etc. Uns son pródigos en publicacións, como Leonardo Boff, outros escasos como S. Galilea: todos teñen un punto de converxencia, falar desde a realidade e desde unha realidade dolorosa.

Por iso alguén di que a Teolo-

xía da Liberación se fai desde as "bágoas" e desde "o sangue dos mártires". Así pode evocar as comunidades de El Salvador nas que se len as Actas dos Mártires da Antiga Roma como preparación para o martirio.

O suxeito da TL e o pobre, o oprimido. Así liberación, escribe Gutiérrez, expresa, en primeiro lugar, as aspiracións dos povos, das clases e dos sectores sociais oprimidos, e subliña o aspecto conflitual do proceso económico, social e político que os opón aos povos opulentos e aos grupos poderosos. En segundo lugar expresa unha concepción da historia como proceso de liberación do home ensanchando o horizonte dos cambios sociais que é necesario levar a cabo. A conquista dunha liberdade real e criadora leva directamente á construción do home novo e a unha sociedade cualitativamente diferente. En terceiro lugar a palabra liberación condúcenos máis facilmente ás fontes bíblicas: Cristo salvador libera o home de todo mal, arrincando así as raíces de toda ruptura da amizade, da xusticia e fainos autenticamente libres. Eses seres poden berrar con E. Cardenal:

"Ti non es un Deus amigo dos opresores, nen partidario da súa política, nen influido pola súa propaganda, nen estás en sociedade co gangster..... Ou, Deus, malogra a súa política"

ANT Subscríbese

BOLETIN DE SUBSCRICION A A NOSA TERRA

(Para remitir a A NOSA TERRA unha vez cuberto en MAIUSCULAS)

Nome.....
Apelidos.....
Domicilio.....
Povcación..... D. postal.....
Provincia..... Teléfono.....

Subscríbese ao periódico A NOSA TERRA por un ano ao preçio de 2.500 pta. (Estado español), 3.500 pta (Europa), 4.500 pta. (resto do mundo).

FORMA DE PAGO

a) Subscrpcións para o Estado español: b) Para o resto do mundo:

Talón bancário adxunto Cheque bancário adxunto
 Reembolso (máis 80 pta.) Xiro internacional a nome de A NOSA TERRA, apdo 1371-Vigo.

Pago domiciliado. Neste caso cubrir os dados do boletín adxunto.

Banco/Caixa de Aforros..... Conta/Libreta.....
Titular conta ou libreta.....
Domicilio da sucursal.....
Povcación..... Provincia.....

BOLETIN DE DOMICILIACION

Banco/Caixa de Aforros.....
Domicilio da sucursal.....
Número de conta ou libreta.....
Povcación..... Provincia.....
Titular conta ou libreta.....

Sérvanse tomar nota de atender até novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ao meu nome lles sexan presentados por Promocións Culturais Galegas S.A. (A NOSA TERRA)

Atentamente (firma)

Data.....

A illa desventurada

XESUS CAMBRE MARIÑO

No curso dunha viaxe por América Latina, co gallo de dar a coñecer polo mundo adiante a problemática nacional de Córcega, estivo recentemente de visita en Porto Rico unha delegación de nacionalistas corsos. Ademais de espallar o coñecemento da verdadeira situación colonial na que se desenvolve a súa illa, que dalgunha maneira garda un certo paralelismo histórico con Porto Rico, os nacionalistas corsos tratan de contactar coas colonias de emigrantes implantadas no Caribe para manter viva a solidariedade patriótica dos fillos dunha terra que os colonialistas franceses chamaban a "Illa da beleza". Aínda que, se se teñen en conta os factos históricos e sociais, mellor se lle podería chamar a "Illa da desventura".

Pois é ben certo que Córcega, o mesmo que Galiza e moitas outras pequenas nacionalidades da Europa "democrática", capitalista e mercantilista, vive hai séculos sob a denominación dun estado imperialista, neste caso Francia, que ven exercendo sobre a illa unha política colonial e mesmamente xenocida. Desde que a Francia borbónica lle botou enriba as suas gadoupas á pequena illa do Mediterráneo nos anos 1768-1769, o país ten sufrido unha opresión crecente e un proceso de desnacionalización fomentado polos distintos reximes políticos franceses. Ese proceso intensificouse grandemente nos últimos vintecinco anos sobre a Vª República que fundara o xeneral Charles de Gaulle, quer dicer, o mesmo réxime que falara de construír a "Europa das Patrias".

Primeiramente a dominación francesa de Córcega puxo fin ao intento de facer unha república corsa independente dirixida polo patriota Pascual Paoli. O imperialismo franco-borbónico botou abaixo pola forza das armas aquel efímero proxecto nacionalista que os corsos tiñan emprendido para liberarse do dominio xenovés. Dese xeito, unha illa que cambiara moitas veces de dono desde a máis remota antigüidade, pero que logrou conservar sempre a súa propia identidade nacional, caíu sob as gadoupas dun Estado imperialista moderno.

Ao cabo de máis de douscentos anos, os resultados da política colonial francesa están á vista. Segundo declarou Ghjambattista Forcioli, voceiro do *Movimento Corso de Autodeterminación*, nunha entrevista difundida o 24 de Marzo de 1985 polo canal 7 da televisión de Porto Rico, o proceso de desnacionalización económica e social que se ven dando en Córcega é o típico das situacións coloniais. Os sectores máis importantes da economía, crecentemente vencellados aos intereses metropolitanos, están controlados por empresas e colonos franceses, o mesmo que a maioría dos empregos na administración pública e no ensino. Iso ten provocado unha dinámica moi acelerada de francificación económica e cultural.

Por outra banda, e como contrapartida, dase na illa un proceso tamén moi avanzado de desnacionalización corsa. Isto tradúcese na progresiva diminución da poboación autóctona da illa que se viu forzada a emigrar á metrópole e a outras partes do mundo. Ao mesmo tempo esa poboación "expulsada" pola forza dos factos económicos, foise substituíndo por inmigrantes metropolitanos que contribúen a reforzar o proceso desnacionalizador. Iso é o que os nacionalistas corsos tratan non só de frear senón de reverter para evitar a lenta desaparición da súa nacionalidade.

Porque a situación de Córcega, despois de dous séculos de dominio colonial francés, ten acadado unha situación dramática. No plano socioeconómico, de 250.000 habitantes que hoxe ten a illa, somente uns 110.000 son corsos autóctonos. O resto, máis da metade da poboación actual, son franceses metropolitanos e doutras procedencias. De seguir esa tendencia, a nación corsa desaparecería co tempo, mergullada pola onda inmigratoria forasteira. Esa inmigración é fomentada po

ria forasteira. Esa inmigración é fomentada pola política colonial metropolitana e controla xa unha economía corsa cada vez máis desaxustada das verdadeiras necesidades do país. Pois en vez de favorecer un desenvolvemento harmónico e integrado, a política colonial favoreceu a medra do turismo de temporada e o desaxeitado cultivo do viño na parte oriental da illa, arredor do distrito de Aleria. Francia favoreceu a inmigración de *pieds noirs*, ou franceses residentes en Arxelia, despois que ese país acadara a súa independencia. Os *pieds noirs* mercaron moitas terras, contribuíndo aínda máis ao exodo dos corsos.

Ademais diso, no plano político-administrativo, Francia dividiu a Córcega en dous departamentos ou provincias no ano 1975, con capitais en Ajaccio e Bastia. Esa división artificial dunha illa de 8.772 Km² non ten outro obxecto, desde o punto de vista do poder colonial, que rachar a solidariedade nacional corsa fomentando no seu lugar as rivalidades comarcais.

No plano sócio-cultural, Francia impuxo en Córcega un verdadeiro proceso transculturador, o que significou o trasplante á illa da cultura e lingua francesas através do ensino. Iso levou a unha situación de alleamento lingüístico e cultural que provocará, se non se lle pon remedio, a morte da lingua e cultura corsas e a desaparición da súa identidade como povo nun prazo máis ou menos longo.

Iso é o que tratan de evitar as organizacións nacionalistas corsas ao desenvolver a súa loita patriótica contra o colonialismo imperialista francés en todos os frentes. Os nacionalistas corsos, ao mesmo tempo que afirman o seu dereito de autodeterminación, defenden a supervivencia da súa identidade nacional.

Nicaragua

O cuarenta por cento de presuposto para defensa

Mil novecentos oitenta e cinco vai ser en Nicaragua un ano decisivo para a revolución. As medidas económicas que está a tomar o goberno van ter consecuencias importantes, dado que, sobretudo para as cidades, van endurecer gravemente a vida. Trátase de gravar progresivamente á pequena burguesía comerciante —e nas cidades practicamente todo o mundo vive diso— e favorecer aos traballadores produtivos e aos campesiños, ás clases que están soportando agora as condicións de vida máis duras. Pero nunha sociedade tan confusa, tan pouco estratificada como a "nica", é difícil delimitar vantaxes e gravames. De feito, pesie á subida de salários aos traballadores que se produciu estes días, a alza de prezos dos últimos meses, ao retirar o goberno a subvención a varios produtos, xa vai moi por riba e o poder adquisitivo segue en descenso.

Xunto disto, este ano quérse dar un golpe, senón decisivo, si cando menos profundo á Contrarrevolución, e iso supón o emprego do 40 por cento do PIB na defensa e o alistamento de todos os xóvenes entre




18 e 20 anos no "servicio militar patriótico". Para un povo no afeito á mili obrigatoria, pasar a un enganche que supón ir á montaña e ao combate seguro é difícil e non sempre entendido, por iso a Frente se está volcando na concienciación sobre a necesidade de esforzarse o máis posible este ano no tema da guerra para acabar dunha vez con ela. O lema deste ano é "Pola Paz, todos contra a agresión".

E difícil facerse á idea desde aí do que significa realmente a agresión,

sobretudo no Norde do país, onde os ataques a Cooperativas, UPES e fazendas son diarios. Escotar de rapaces do Exército Popular os relatos de combates, a morte de amigos e compañeiros resulta estarrecedor pola mesma falla de dramatismo con que o contan, como un feito xa natural da súa vida. Realmente ten que ser duro facerse á idea de que aos 20 anos se pode morrer en calquer momento.

BEGOÑA MOA

NECESITANTE



DÓAOS

CAMPAÑA PARA DOACIÓN DE RILES

"Os que os necesitan, necesitante"



CONSELLERÍA DE SANIDADE E CONSUMO
Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria



XESUS VEGA

O ministro Ledesma fixo todo o que pudo para convencer-nos de que a sentenza do Tribunal Constitucional sobre a chamada "lei do aborto" representaba un triunfo das teses gubernamentais e unha derrota das posicións de AP. Tiña que facelo para ser coherente co seu papel de concelebrante na cerimonia da confusión comezada por Felipe González uns días antes.

O presidente quixo advertir ao Tribunal Constitucional de que unha sentenza contraria á lei gubernamental provocaría a posta en marcha da "máquina de indultos". E quixo facelo dun xeito didáctico, cun exemplo da vida real, para que o entendese todo o mundo. E contou o caso da muller que xa ten tres fillos e non ten medios económicos para ter outro. Qué fago?, preguntou-se González. Concedo-lle o indulto ou permito que vaia á cadea? Mentres poda —engadiu, enéxico— mandareina á sua casa.

qA posta en escea foi boa. A imaxe dun presidente comprensivo e xeneroso estaba conseguida. Só ficaba un problema: o exemplo non valía para o obxectivo de vencer as resistencias do Tribunal. Por unha sinxela razón: porque a lei elaborada polo goberno non recoñecía o dereito desa muller a non ter máis fillos. Esa muller, calquera que fose a sentenza do Tribunal, tería que abortar na

estado crítico


Vitória pírrica

clandestinidade e seguiría sendo, para a legalidade promovida e defendida por Felipe González, unha delincuente.

Por qué, entón, citou un exemplo desas características? Foi un erro produto dunha amnesia parcial ou dunha manifestación espontánea de má conciencia? Ou é que o presidente pensaba que a desinformación é tan grande que a xente ia considerar ao Tribunal Constitucional como o único responsable de que a devandita señora non poda abortar libremente?

En todo caso, a sentenza establece que só é legal a práctica do aborto cando concorran unhas circunstancias moi particulares e notabelmente restritivas en canto á súa incidencia social. O dereito ao aborto non é com-

A NOSA É UNHA SITUACIÓN COLONIAL PURA



Pepe Carreiro

patíbel coa actual Constitución. O principio de que a muller poda decidir sobre a súa eventual maternidade non é de recibo na lexislación do "cambio". E para non rachar co vello costume da dobre moral, os sesudos varóns do Tribunal Constitucional consideran que non é delito abortar en Londres ou en París. Como se ve, é unha cuestión de distán-

cia. E de capacidade económica.

Custa traballo atopar as razóns que expliquen o triunfalismo amosado polo goberno despois da sentenza. Se o Tribunal Constitucional proclama a ilegalidade da grande maioría dos abortos que se veñen realizando, onde fica aquilo de que a Constitución posibilita a existencia de gobernos moi diferentes? Non dicían que a bondade do texto constitucional radicaba no feito de que valia para todo o mundo?

Se o señor Ledesma está tan seguro do seu triunfo, por qué non aproveitou a ocasión para facer outra lei na que figure explicitamente recoñecido o aborto libre e gratuíto? "Este non é o momento", dixeron os voceiros da Moncloa. Misteriosa afirmación, sen dúbida. Cando será o "momento oportuno", entón? Cando gañe as eleccións Coalición Popular? Cando o PSOE obteña quince millóns de votos? Ou quizá o goberno socialista considera necesario esperar o regreso de Adolfo Suárez á Moncloa?

Co gallo dun recente debate parlamentario entre Felipe González e Herrero de Miñón, os comentaristas foron unánimes: o PSOE non ten rival pola súa dereita. O presidente seica esmagou ao seu interpelante: deixou sen argumentos. Herrero laíouse pola dereitización da política gubernamental. Lóxico. Cada día resulta máis difícil demostrar que a dereita non está no goberno.

Galicia ten a súa radio.

Galicia desde agora ten a súa radio. Nesa onda nosa, galega, a que nos dá carácter. Desde agora Radiotelevisión Galicia, a nosa Radio, é a que nos pón ó día e a que nos acompaña día e noite.

Radiotelevisión Galicia emite xa, para toda Galicia, en Frecuencia Modulada, con tres millóns de galegos en conexión directa. Xuntos desde os 7 centros de emisións distribuídos polas 4 provincias galegas e cobrindo os nosos 4 puntos cardinais.

Desde agora, Radiotelevisión Galicia para tódolos galegos e na súa mesma onda 24 horas de programación, en galego, achegando o mundo á nosa terra, asomados ó mundo desde Galicia.

Con Radiotelevisión Galicia ¡fala Galicia! Cun novo ton, coa nosa voz.

Con Radiotelevisión Galicia, desde agora, Galicia ten a súa voz.

Frecuencias en FM

Santiago	100,9
A Coruña	103,9
Lugo	94,1
Ourense	104,8
Pontevedra	102,3



Absolucións a dous extraditados

Denúncian o transfondo político das sentencias

O 19 de Abril a Audiencia Nacional anunciaba a absolución de dous dos extraditados bascos, José Manuel Martínez Beiztegui e José Carlos García Ramírez, para quen se pedían 118 e 53 anos de carcel respectivamente. O primeiro deles foi xa posto en liberdade, mentres García Ramírez fica á espera dun novo xulgamento.

Os agora absoltos foran extraditados o pasado Outono despois dunha prolongada folga de fame, incidentes e manifestacións no seu favor a ambos lados da fronteira e un complexo entramado de presións políticas que culminou —cara a prensa e os medios de comunicación— cunha xestión persoal do presidente González. A final produciuse o traslado destes dous homes, e máis Pakito Lujambio que agarda xulgamento, ao Hospital Penitenciario de Carabanchel.

A propia contradición que arrastra o Estado francés a respecto do movemento armado basco, para moitos sempre na raia de contertular á súa opinión pública e a diplomacia internacional, leváraos a esixir control dos xulgamentos que se ían celebrar. A absolución ditada agora desentraña o alcance da operación política deseñada en materia de extradicións.

Os militantes absoltos deixan en evidencia que non había razóns para a súa extradición, pero en medios nacionalistas bascos xúlgase que a operación ten o obxectivo de permitir abrir un camiño xustificatorio ao goberno francés para abrir a billa das extradicións, e contribuir a desmantelar a infraestrutura do nacionalismo en Euskádi Norde. A pregunta que se fai un observador é, se non foron capaces de aportar probas, polo control internacional, baixo a famosa "confesión policial", qué evidencias tiñan para solicitar a extradición?, e pon de manifesto tamén interrogantes sobre a maneira en que se fan eses outros xulgamentos de centos de presos bascos que enchen as cadeas españolas.

Porén, agora, despois dun xulgamento baixo certo control internacional, as apariencias están salvadas e é moi posíbel que o futuro depare vía libre para as extradicións. Nese sentido é significativo que a tarde da sentenza chegara a Madrid, para entrevistarse con Barriónuevo, o ministro francés do Interior Pierre Joxe.

En Euskádi lembran as palabras de Roland Dumas en Setembro pasado "...os tres extraditados teñen as mans suxas de sangue e están refuxiados en Francia para agacharse..." O portavoz do Elíseo fica bastante co cu ao ar e con el toda a trama desta operación.

x.c.

Poucos lembran o 14 de Abril

Pasado o 14 de abril e con el o 54 aniversario da proclamación da II República española foron moi poucas as forzas políticas que lembraron esta data.

Para o MC por exemplo, o tema da República "constitue un dos moitos tabús do actual sistema político". O PC., que preside Ignacio Gallego, valora pola súa banda que "non é que a II República representase a aboli-

ción do sistema capitalista, nen sequer que na súa curta vida non tivese etapas nas que a represión caíu sobre os traballadores en xeral e os comunistas en particular, pero si que a súa proclamación representou un avance das forzas progresistas, até ese momento moi marxinas, tanto polos gobernos da monarquía, como, especialmente pola ditadura de Primo de Rivera".



Final de liga, final de infarto

Afinal todo era, un lio. Era o fin e non o principio. O fin dunha tempada e o comezo das especulacións, das reposarias, dos nervos, bicos, apertóns, revolcóns e até infartos. Era o tempo dos foguetes. Foguetes que agora tamén matan nos estádios.

Eran os tempos do "espectáculo futbolístico" e da paranoia dos "inchas". Era o domingo 21 en primeira división, eran maletins, chamadas telefónicas, sobres nos buzóns con case o soldo anual dun desempregado, con subsídío, claro. Eran catro equipos loitando para non descender de categoría.

Era un condenado case seguro a morte, era un verdugo vello, decaído pero aínda así malvado. Era un Hércules condenado e un Madrid en descomposición interna. Unha vítima e un verdugo que aínda xa vello, decaído, tería como obrigación matar.

Un Valladolid co "Mágico" apartado do equipo e un Sevilla con "Bullá" en plena Feira de Abril, un presidente mal do Corazón.

Pero tamén eran un Betis e un Málaga xogando na "Rosaleda" florida da primavera da Costa do Sol. Eran moi amigos. Falábase de componendas e de amaños. Todo parecía estar asegurado cun empate, cun bico afinal e todos contentos. Era todo tan bonito... pero nesta rosaleda foi onde aparece a morte.

Antes quixeron retrasar a decisión usando todas as mañas. Un porteiro con camiseta verde que tivo que cambiar, e non por 'hortera', senón para non confundilo co equipo bético. Eran fotógrafos no meio do campo baixo un paraguas; fotos e máis fotos que parecían para a posterioridade e,



afinal, qué casualidade, foron as últimas fotos que, por un tempo poderán sacar como xogadores de Primeira División. E as fotos no descanso do Real Betis... era perder o tempo para aprazar unha decisión inapelábel que nen eles sabían cal ía ser, pero que xa estaba marcada no destino: a morte na Rosaleda, a morte para o Málaga.

Un Chamartín de bicos e abrazos

Sanabria marcaba un gol no minuto 71 no Bernabeu. Oh, todas as cábalas se viñan abaixo, xa non valían componendas. O Hércules estaba mentalizado, unha señora telefónica e nun

telegrama momentos antes do partido. E no Madrid estaba a descomposición, a flaccidez, a desgana, bombeo de balóns mentres Espinosa, porteiro herculano, equipo case autorexentado, despexaba de puños balóns como un muíño de vento.

Afinal a alegría incontida, "o chúpate Julio Alberto; fódete Remate-ro..." O morto vivo. Non, o Hércules non estaba morto, xa estaba de parranda mentras o Málaga e o Betis debatíanse nunha agonía de oito minutos. Empate a goles, qué resultado tan bonito se non fose polo Valladolid, pero sobretudo polo Hércules. Ao remate a traxédia era aínda meirande, a agonía prolongouse como

castigo dos deuses da Liga. Carriega resistía, berraba; Benítez máis tranquilo por afóra.

Chegou o final, o Betis salvábase da segunda división mentres en Sevilla, no Sánchez Pizjuán aplaudían o gol do Hércules (cómo se goza cos males do inimigo!) e até non importaban para nada que goleasen Duque e Jorge. Nos transistores escoitábase que Gordillo tivera que abandonar o campo. O Málaga gañaba por 1-0, gañaba o Valladolid, o Hércules, todo parecía perdido para os de Heliópolis, todo, parecían un Curro Romero en tarde normal, quer dicer, desastrosa. Pasáballe isto a un equipo que é o do poder, o equipo de Felipe, de Guerra, das suas amigas e do pai dunha delas que seica anda metido nun escándalo máis grande que o de Rumasa, segundo nos comenta un confidente. Guerra, Alfonso que todo o controla, que todo o pode, que até ten tapado este escándalo que saben os cámbios políticos cando sairá á rua, non pode impedir a derrota, o descenso o "uefo" do ano pasado.

Pero "er Beti" é como Curro, cun pase salva unha tarde ou unha temporada, porque lle sobra e chega para sair a ombros pola porta grande da Maestranza. Esta vez non foi un pase, foi unha gran estocada cando o touro saída da barreira e, segundo fiña do córner, Parra rematou. Esta foi a gran faena, o demais foron aliños, sustos, emoción até o final, incertidume, que nestes casos, como nas corridas do Romero, ídolo sevillano e sevillista, pódese esperar todo, en cada lance está o perigo, pero tamén está a emoción, a arte.

Ao cabo o presidente do Betis parecía apenado, moito máis aflixido aínda que o do Málaga. Choraba Retamero e afirmaba que "to er mundo e güeno" e recordaba as viaxes dos dous presidentes a Madrid, os servizos prestados ao fútbol; "o mellor presidente de todos".

Mentres tanto en Cádiz non podían celebrar o ascenso do seu equipo porque un espectador con moita gana de leria, pouca sabéncia e menos siso, encendía un foguete que, despois de voar 70 metros, estoupulle o peito a outro afeizoado que estaba esperando tamén cantar o alirón e demais cancións de rigor. Traxédia no Carranza, lexislacións obsoletas, policías miróns, gobernadores nos tendidos, por non dicer nas nubes, e un goberno volto sempre cara a porta do chiqueiro. E para que a cousa non pasase a piores, o Castellón rematou a faena para gañarlle o partido. Pero nada, máis se perdeu na Guerra de Cuba e o Mallorca encarregouse de que todo seguise igual e o Cádiz este xa en Primeira, matematicamente, claro. Mentres tanto, Juanet, Benito, aquel porteiro que chegou á Coruña procedente do Español, si, o que saía nos cromos cun balón na man en alto, Juanet, digo, non quer seguir na "Tacita de Plata", tenlle medo ao "Mágico", que seica volta, se é que desperta, claro.

O Celta empata co Castilla e ten que esperar, aínda que xa poucos dubiden do seu ascenso. Pero nada, para traxédia a do Lalin, intratábel, que non vai poder ascender porque non ten escaleira de "cheques". Que dor.

Unha volta esvaída?

A edición da Volta-85 preséntase sen as meirandes figuras do ciclismo, pero con moitas novidades.

Nas tres semanas de carreira haberá moitas máis sorpresas das que se agardan. A planificación e o trazado son moi duros e quen se vista de marlo en Salamanca levará perto de 3.500 quilómetros nas pernas con moitas máis complicacións das habituais.

Dazasete equipos participan nesta edición, o cal supón o record de 170 corredores. Porén, o número non dá calidade e ausencias como as de Fignon, Hinault, Cricquelion, Lenmond ou Moser deixan a participación estranxeira centrada en Caritoux, Kelly, Pascal Simon e Planckaert. Pero o máis significativo é a ausencia de corredores como Marino Lejarreta e Angel Arroyo. O primeiro por pertencer ao equipo italiano Alfa-Lum e o segundo por se gardar para o "Giro" e o "Tour".

Preséntase unha edición con estranxeiros de segunda fila e poucos españois de categoría internacional, pero como alguén ten que ser o primeiro poremos os nomes de Pedro Delgado, José Recio, Pedro Muñoz, Julián Gorospe e os devanditos estranxeiros. Resumindo, moita cantidade e pouca calidade.

Porén, esto pode provocar que esta sexa unha edición aberta a todos con moitos trocos de maillot e difícil de controlar por unha equipa determinada. A volta parece esvaída pero ten a posibilidade de sorprender. Ademais equipos novas como o amateur da URSS, "Xerox" estadounidense "Trinaranjus" portugués e "Varta" colombiano forman a parte descoñecida dunha das edicións máis duras e interesantes dos últimos anos.

Por moi esvaída que pareza pode ser a edición que amose que o ciclismo non son só catro nomes.


RICARDO RIVERA

ESPECIALIZADA EN
LIBROS GALEGOS E
PORTUGUESES



PRAZA DO LIBRO
Tfno.: 26 63 77 CORUÑA

CONTRATE
MUSICOS
E ARTISTAS
GALEGOS



SINDICATO GALEGO
DA MUSICA

SOLICITE O
LIBRO-CATALOGO
COAS FOTOGRAFÍAS E
FICHA TÉCNICA DE
TODAS AS
AGRUPACIONES

CHAMANDO AO
TELEFONO 981-599898
OU ESCRIBENDO AO
APDO. CORREOS 1131
DE SANTIAGO.
TOTALMENTE GRATIS

A NOSA TEIMA
estampas do mundo elegante

Retrato de bodas de Xesus L. Valcárcel



XESUS CAMPO

No compostelano Bar Victoria, que é unha especie de establecemento híbrido entre unha estación de tren de cercanías e un antigo café de vello; quer dicir, un Aleph familiar, un punto cero ou un mero lugar de encontros no que sempre entras para ver se está, inda non saibas quen, atópome con Xesus Valcárcel, acompañado da Lolita de Stanley Kubrick. Acábase de casar con ela e ambos dous amosan no seu sorriso a ledicia dos namorados que se estreian na normalidade postvicarial. Xesus, que é amigo vello de Lugo e ademais de Quiroga por se fose pouco *pedigree* a oriundez bimilenária de intramuros, ilumina o local do escintilar do seu anel de ouro. Lolita, sempiterno sorriso pícaro que percorreu o Franco transportando apontes para admiración estética cando non malsana de centos de olladas ao longo dunha promoción universitária inteira, é, ademais dun renovador empedernido da arte cotidiana do beber (tamaño herexe acumulaba quintos Estrella nas tabernas luguesas onde servían os

mellores caldos de Chantada), un auténtico e irrepelbel paisano astuto carente de boina, un detective rural e, ao mesmo tempo, unha parcial reencarnación de Thomas Mann, capaz de encher de góndolas o Miño. Autor dun libro primeirizo que se cadra convida a expurgar para maior gloria —*Pulsando la ciudad atormentada*— foi adquirindo cos anos, as múltiples leituras, o seu trátego universitario e as doses de desarraigo encadeadas pola fidelidade ao Amandi branco, á Lolita que Kubrick non puido mellorar en pantalla e aos amigos convocados sempre a carón dun caldo amigo, dun reparar as esquinas luguesas en noites bretemosas, dun ir e vir de fragmentos de Neruda, de Cunqueiro, de Ferrín entre cunca e quinto, entre tilo e tilo e no meio de sempiternas discusións intramuros: el, tan antigo nacionalista coma eu prestixioso españolista, foi adquirindo, digo, as claves dunha brillante supervivencia digna que cos anos conseguiu o milagre ou o accidente casual, ao cabo tan enriquecedor, de converterse en profesor de instituto sen que nada no seu físico faga sospeitar no

contertúlio unha condición de pene-ne. Máis ben semella —e escribo isto coa perspectiva de dez anos de relación máis ou menos periódica— un Aníbal Otero, un Franz de Copenhague ou un asombroso narrador uruguaio fillo de galego e australiana celebrado nos cenáculos parisienses polos novelistas húngaros de paso para Venécia.

Por qué seguimos asombrándonos coa viscontiana decadencia dos *vaporretos* deixando o Lido, esquecendo a imensa riqueza proustiana do arrendo dos xuncos nos caneiros que o río amosa de cando en vez? Qué ten o Hotel des Bains de decadente que non teña o Balneario Acuña de Caldas de Reis? Sinxelamente, cronistas; espíritos sensíbeis coma o do compañeiro Valcárcel; homes novos coa romántica vellez que asoma tras dos lentes cando te chama *irmán*, como agrandando o sentido amoroso das amizades fieis: xentes de rebotica capaces de non desentonar nos pubs máis vangardistas.

Nesa batalla que moitos levamos contra a miséria vivencial, contra a penúria glorificadora da boina e a favor da caspa ao vento, anda de paladín o irmán Xesus, amosando a forza de lucidez e poesía as claves estéticas imprescindíbeis para sobrevivirmos como colectividade culta logo da hecatombe que nos van regalar entre a CEE e máis a OTAN. Si señor: Neses ollos como faíscas, detrás dese sorriso que sempre se adianta ao seu físico; logo despois dese endiañado acento cantareiro que engalana o seu idioma e sobretudo, agachado tras a súa teima vella de ofender os mostradores afeitos aos viños de Chantada con quintos Estrella, algo misterioso tería que haber. Porque se non, cómo se explica que chegue a profesor comarcal sen pasar polo penenazgo e cómo se explica que este sábio aparentemente distraído acabe por casarse cunha das mulleres máis lindas e ledas do Hemisferio Norte? A ver...

Finalmente, recordo que aínda conservo fotografías do meu casamento, aló polo 77, recién amnistiado. Na mesa que ocupaban os meus amigos vermellos, aparece inmortalizado, mentres os demais comensais sorrín á c-amara, este trasno, enfascado por unha vez na deleitación dun insólito vaso de rioxo tinto. Daquela, e como acougo, aparcáramos no adro da capela eu o meu anticlericalismo e el o seu antiespañolismo. A fin de contas e só cuns anos máis por riba, seguimos podendo escribir os versos *más tristes esta noche. Escribir, por ejemplo la noche está estrellada...*

xente de tinta



Manuel Rivas

Naceu da tribo mohicana de Castro de Elviña —segundo se sai de A Coruña pola estrada de Lavedra á man dereita. "Enfant Terrible" da xeración galeta dos pos-Maio do 68 é un bo periodista, magnífico poeta e segundo teño ouvido un excelente, aínda que inédito, escritor de narrativa. Esperemos que pronto nos lea coa publicación dalgun conto ou novela.

Da súa calidade como periodista, abonda con dicir que traballa no mellor xornal e na mellor televisión que ten o "home branco". El, un mohicano que loitou contra do xeneral Custer e sempre estivo e segue a estar, no lado dos "Touro Sentado", "Cochise", "Cabalo Tolo", "Xerónimo". Xa se pode crer.

E un poeta sen traumas, sensíbel, ventureiro, e ousado, como non coñezo outro dentro dos poetas galegos do seu tempo. Un eterno neno de ollos curiosos e receptivos.

Non quededes sen lé-lo ou pesará-vos toda a vida. Como axuda aí vai unha relación das súas obras!


¡Libro do entroido!, (poesía), "Anísia e outras sombras", poesía, conxuntamente con Xavier Seoane. "De amor e desamor", (poesía), conxuntamente con outros. "Os partidos políticos na Galiza", ensaio, en colaboración con X.I. Tai-bo. "Informe dunha frustración" (ensaio) en colaboración con X.A. Gaciño.

ANTON CORDERO



ANXO L. BARANGA





ANO EUROPEO DA MUSICA. TERCEIRO CENTENARIO DOS NACIMENTOS DE BACH, HAENDEL E SACARLATTI

Bach, sempre

Os músicos galegos agradeceríamse a Xoán Manuel Carreira Antelo unhas liñas sobre a presenza histórica da música de Johann Sebastian Bach en Galiza, pretextando, se se quer, a comemoración, o pasado 21 de Marzo, do tricentenario do nacemento do xenial músico alemán. Como descoñecemos a intencionalidade previa do estudioso e crítico coruñés, como descoñecemos tamén a súa dispoñibilidade cara esta humilde e ousada proposta, publicamos hoxe este artigo co único propósito de estimular un chisco a curiosidade e a sensibilidade do lector galego cara o vello arte, neste Ano Europeo da Música que estamos a vivir (por se algun lector aínda non se decatou, 1985 foi declarado, ignoro por quen, Ano Europeo da Música por cadraen nel as celebracións dos terceiros centenarios dos nacementos de Bach, Haendel e Scarlatti).

A esta breve reseña comemorativa non hei adxuntar, como sería costume preceptivo, a máis mínima nota para unha orientación discográfica e bibliográfica. E tal a monumentalidade da obra de Bach que podería resultar pretencioso intentalo neste comentario tan elemental. Bons, piores ou máis maos, discos cos principais sons bachianos atópanse sen maiores problemas nas cidades galegas e mesmo nalgúns vilas. Referéncia escrita a Bach, somera ou máis profunda, pode lerse en calquer manual de historia da música e mesmo nos suplementos especiais dalgúns xornais madrileños do pa-

sado día 21.

Nota biográfica

De seguido, escolmamos a voz Bach do excelente *Diccionario de la música* de Manuel Valls Gorina (Alianza, Madrid, 1979), compositor autodidacta catalán, rigoroso crítico e autor do imprescindible e desde xa por min recomendado manual *Para entender la música* (Alianza, Madrid, 1978), cuxo pasamento, acontecido o pasado 9 de Setembro do 1984, pasoume desapercibido e non foi recollido no meu "Memorial de malfados" (ANT, n. 262) por mor dun imperdoábel lapsus desinformativo:

"Bach, Johann Sebastian, (1685-1750). Compositor alemán. Probabelmente é con Mozart o caso de xenialidade máis portentoso de toda a historia da música. Nascu en Eisenach (Turinxia) (...) Foi sucesivamente membro do coro en Luneburg, e da orquestra de Weimar (1703), organista en Arnstadt, Mühlhausen (1707), Weimar (1708), até que no 1733 foi nomeado cantor (mestre de capela e organista) da igrexa de Santo Tomás de Leipzig, posto que ocupou até a súa morte. (...) A súa obra abraia polo inxente volume da súa produción (moitas veces resultado do cargo que desempeñaba e dos encargos recibidos) e pola mestria e imaxinación que amosa no manexo do contraponto, do que é mestre indiscutíbel. A obra de Bach é a xenial recapitulación de todo o saber que lle precedeu, ao que incorporou unha cordial vibración expresiva que o proxe-

tou cara o futuro. (...) A actual consideración que nos merece a súa obra creadora, débelle principalmente á revalorización de que foi obxecto por Mendelsshon. (...)

Atención, repetimos: "...xenial recapitulación de todo o saber que lle precedeu, ao que incorporou unha cordial vibración expresiva que o proxeitou cara o futuro". Xuicios similares, pero evidentemente máis trascendentais, como por exemplo os dun Adorno ou dun Schönberg hai anos e o dun Ros Marbá máis recentemente e a nivel ostensiblemente inferior, son ilustrativos da unanimidade existente á hora de considerar a arte de Bach como historicamente sintética e á vez vangardista, no seu tempo, e dunha modernidade permanente. Mesmo se ten establecido unha interesante relación musical teórica e histórica entre a música de Bach e o jazz. Que o ouvinte sensíbel escoite e opine.

A obra de Bach é, repetimos, imensa; a voa pluma citemos: *Paixóns segundo San Xoán e San Mateo, Oratorios do Nadal e de Pascua*, case dúscenas *Cantatas, Misa en si menor, Variacións "Golberg"*, *Concertos para clave e para violín*, seis concertos orquestrais coñecidos como os *Concertos de Brandenburgo, Suites inglesas e Suites francesas, a Arte de Fuga*, infinidade de *Corais* para órgano ou para coro (e neste apartado sinallemos os trinta e tres *Corais* de Bach descubertos por Wilhem Krumbach na Universidade de Los Angeles no Decembro pasado, inéditos até o seu estreno en Milán hai uns días), etc.

Se fose profesor de Música no Bacharelato, enriqueceríalles o espírito referíndolles o número de fillos e fillas enxendrados por Johann Sebastian. Como non me deixan selo, só lles aconsello que se fixen nestes nomes: Carl Philipp-Emanuel Bach, Johann Christian Bach e Wilhem Friedemann Bach, todos eles vástagos do noso músico. Non sexan paternalistas e procuren escoitalos tamén a eles. Mesmamente dá xénio ouvílos. Non esquezan tampouco a Georg Friedrich Haendel e a Domenico Scarlatti, os outros dous músicos obxecto desta festa de cumpreanos post-orwelianas. Graben na súa mente os seus nomes e, sobretudo, os seus sons.

Johann Sebastián Bach finou en Leipzi no 1750. Agardemos unha normalización musical de Galiza e do mundo para antes do 2050 (tricentenario da súa morte), para daquela, cunha digna *Paixón segundo San Xoán Mesias* de Haendel nos atris da Orquestra e Coros Nacionais Galegos e coa integral das sonatas de Scarlatti nas mans dun clavecinista de... do Caurel, por exemplo, para daquela, digo, non teremos que andar a escribir estas obviedades.

En falando de Bach, o compositor galego Alfonso Mariño, director da Banda, do Conservatorio e da Coral Polifónica de Viveiro, tenme dito e aconsellado como mestre: "Ainda ningún o superou en toda a longa historia mundial da música... Agora, como sempre, cando dubidemos recorramos a Bach".

HERNAN NAVAL


libros

Segunda entrega dunha obra ben acollida

A nosa literatura hoxe

Que é a literatura galega?, por Francisco Rodríguez; A poesía galega de postguerra, por Cláudio Rodríguez Fer; A "nova narrativa" galega por Francisco Salinas Portugal; Glosa do Teatro Galego, por Francisco Pillado Mayor; Oito Reflexións sobre o teatro galego actual, por Manuel Lourenzo e A literatura Infantil, por Xosé M^a Cobarro Paz son os capítulos que aborda a obra, recén editada por Xistral, "A nosa Literatura: unha interpretación para hoxe (II)".

Este volume é a segunda entrega que promove a Agrupación Cultural "Alexandre Bóveda", agrupando as conferencias que deron corpo ao III Ciclo "Os xoves Literarios", celebrado entre Xaneiro e Marzo do ano 1984. Se no primeiro destes ciclos se abordou o exame cronolóxico, por grandes períodos, da nosa historia literaria e o segundo se dedicou monograficamente ao estudo de figuras senlleiras da mesma, neste libro tentouse reflexionar sobre as áreas máis importantes da literatura



contemporánea, a partir dun ensaio inicial sobre o propio feito da existencia da literatura galega.

Os promotores anuncian por último a próxima reedición da primeira parte, na que se daba conta dos grandes períodos históricos da nosa literatura, actualmente esgotada; así como a edición do volume terceiro desta serie dedicado ás figuras máis senlleiras das nosas letras.

tribuna

Un disparo contra a indecência

Júlio Béjar
Rivadulha "Corcom"
Henrique M. Rabunhal Corgo

Umha mínima responsabilidade cívica leva-nos a redactar e publicar estas liñas ante a singular ejección da celebración do Centenario do escritor foráneo Wenceslao Fernández Flórez. A hipótese divulgada, a indicar que a tal celebración vem difuminar as posibles consecuencias do Centenario da escritora nacional Rosalía de Castro, non fai senom anotar-se sérias justificacións. A contundente colaboración do Concello herculino pom-nos no ámbito dunha actividade, como todas as que se geram en Maria Pita, beligeramente anti-galega. Eja basta, já basta de silencias, de entregas, de concesson e de estúpido e cheirento educacionismo provincano. E basta aínda que em jogo estejam, como están, os nomes de Pedro Aítares, Luis Carandell ou Forges. A presenza de tam estranhos elementos confirman que a homenage-centenario fai-se no ámbito cumha cultura que nom é, digamo-lo frontalmente, a galega. Com cartos de galegos mantém-se nom só a mediocridade praticante de tam reaccionários homes, os já citados, senom que se secunda e habilita umha praxe social intrinsecamente insultante. Trata-se sem mais de resistir com dignidade.

O colmo da barbárie, o cume da degeneraçom intelectual, a auto-descalificaçom por excelência, a decadência mais insultante, están perfectamente integradas no discurso ideológico que César António Molina, director da homenage, substenta. E quem, e quicá ninguém o tenha já desautorizado, de afirmar (veja-se o Faro de Vigo do 14 de Abril) que a literatura galega é a que se escreve em galego e em espanhol, e tem o cinismo de situar numha mesma corda a Cela e Cunheiro.

Nom é momento aqui de responsabilizar ao Sr. Molina de todas as agressons que a nosa cultura tem recebido da sua torpeza e da sua insensibilidade. Estamos fartos de que galegos renegados, espanhóis viscerais, se aproveitem da anedota de ter nascido aqui, na nosa naçom, na sua Espanha, para encher curriculum e nutrir os



petos de honras e patacons impossibilitando que a literatura e a cultura galegas sajam definitivamente da perigosa intervençom espanholista.

Benvidos os intelectuais espanhóis que metendo-se nos nossos assuntos respetem a autonomia do nosso desenvolvimento histórico. E guerra, hóstia limpa e intensa, para que, pratique descaradamente o insulto. E se os persoeros, as instituições, a Associação de Escritores ou outras entidades promotoras da nosa cultura tem guardado silencio, nós, este trio de moicanos empalmados, vemonos na responsabilidade de combater o silencio. Talvez seja esta prática, á da reacçom puntual, a que devera seguir-se mais habitualmente.

Temos visto umha Festa da Poesia, organizada na Corunha á margem dos escritores galegos residentes naquela cidade de galerias e marinhas, na que gentes como, e digamos nomes dumha punheteira vez, Miguel González Garcés, Angeles Penas, Alvarez Torneiro tenhem-se situado umha vez mais de costas á responsabilidade que como escritores galegos deveriam ter. Mas essa prática coincide com o feito de que estes três sujeitos publiquem habitualmente em espanhol na prensa "galega". O pior é que qualquer dia vamos coincidir num recital de poesia galega, ou toca-lhes enjuizar as nosas obras como membros dum jurado. Daquela estaremos no nosso direito de esigir o desmarque global. Em caso contrario, seremos nós quem estorbássemos.

Temos visto e seguimos vendo nom só como a reacçom espanholista se fortalece, senom também, o que é pior, que nom parece haver, na gente e nas instituições que deveriam fazê-lo, ánimos de contestá-la. Evitemos esse estúpido educacionismo. Neguemos o possibilismo. Pensem seriamente, e todos, se é rendável seguir colaborando em Tintiman, ou em LA NAVAL e mesmo na prensa diária.

Certamente jogámo-nos muito. Quando menos a decência.

publicacións

No segundo número da revista

"Festa da palabra silenciada" dedicada a Rosalía

Case dous anos despois da saída do primeiro, "Festa da Palabra Silenciada" dedica un número a Rosalía de Castro, coincidindo coa comemoración do centenario da súa morte.

"Temos a obriga de dar a nosa visión de Rosalía; de publicar os textos onde a autora reprobaba a situación das mulleres e a súa propia; de denunciar a manipulación



de que foi obxecto, ao longo dos anos, a Nai, a Santiña, a Sofrida, a Folclórica. Negamos a imaxe amañada, mansa e melosa, que se lle ten atribuído e reivindicamos á Rosalía coraxosa, que pensa e sente como muller, que reacciona con

2
dureza ante os aldraxes", indícase no primeiro dos artigos desta revista, elaborada exclusivamente por mulleres, baixo a coordinación de M^a Xosé Quizán.

O maquetado corresponde a Margarita Ledo e as ilustracións a Menchu Lamas. Ademais dos diferentes textos dedicados a Rosalía e da escolma que se fai da súa obra, conta cunha entrevista coa actriz Dorotea Bárcena, crítica de libros, cine e outros artigos, así como diversas páxinas de creación.

A lista completa de colaboradoras é a seguinte: Maria Xosé Queizán, Teresa Barro, Pilar Garcia Negro, Carmen Blanco, Margarita Ledo Andión, Carmen Rábade, M^a Teresa Otero Sande, Amanda, M.O., M.C. Kruckenberg, Griselda Espinosa, Helena Villar Janeiro, Pilar Pallarés, M^a Xosé Canitrot, Xela, Margot Chamorro, Ana Romani, Phonte, Flor Maceira e Ana A. Souto.

ERNESTO GUERRA DA CAL

Na secção "Guieiro", do Nº 185 de A NOSA TERRA apareceu um artigo assinado por M. Hortas Vilanova, com o sub-título "Quem foi Serafim Ferro?". Nele o meu nome é mencionado, sugerindo que seria de desejar que eu escrevesse o que sei daquele amigo da minha distante mocidade em Madrid, no período que precedeu à Guerra Civil. Isso levou-me a remexer nos arquivos da lembrança saudosa com o intuito de responder a esse apelo de Hortas Vilanova. Infelizmente, outras tarefas literárias mais prementes foram me forçando a adiar a resposta até agora, em que, por ter encontrado, por puro acaso, numa caixa de fotografia antigas, um retrato de Serafim, resolvi não protelar mais essa evocação do malogrado camarada que tam indeclinavelmente me tinha sido pedida.

Serafim Ferro, nascido, por volta de 1912 —era, recordo-me, uns poucos meses mais novo do que eu— na Corunha, num bairro que me parece lembrar que se chamava Monelos, provinha das camadas humildes da classe trabalhadora. Nem sei nada dos seus pais, que deviam ser camponeses. Conheci, isso si, em Madrid, dois irmãos dele, mais velhos, ambos operários electricistas, cuja especialidade, arriscadíssima, era a instalação de anúncios publicitários luminosos no topo dos edifícios mais altos da Capital. Tinha Serafim como única bagagem básica de cultura formal a do ensino primário, pois com 14 anos começara a trabalhar, e com 17 ou 18 foi para Madrid a ajudar os irmãos. Ainda me lembro de lhe ouvir contar-me os seus terrores, empoleirado naquelas alturas —ele, que tinha vértigos— sem segurança nenhuma, maneando ferramentas metálicas que lhe congelavam as mãos no intenso frio do cru inverno madrilenho e eram brasa viva no arrasador verão. Serafim foi um extraordinário autodidacta lia vorazmente tudo quanto lhe caía nas mãos

Esses dois irmãos eram anarcosindicalistas ferrenhos, activos militantes da C.N.T. e da F.A.I. —que tinham provado as durezas da cadeia, durante a Dictadura de Primo de Rivera. As primeiras leituras de Serafim tinham sido folhetos de propaganda libertária, através dos quais se familiarizara com os nomes de Bakunin, Kropotkin, Stirne, Reclus —e sobretudo Proud— que reverenciava. A sua cultura geral era —como nom podia deixar de ser— desorganizada e cheia de lacunas de conhecimento; que ele suplia com umha invulgar inteligência e uma pasmosa intuição. Era inequívoco nacionalista galego —ainda que ele, com a sua base acrítica, definia-se mais pontualmente como "federalista". (Conhecia mui ben a obra de Pi i Margall, que costumava citar). Tinha lido e relido o melhor da literatura galega do "Rexurdimento". Sabia de cor composições inteiras de Rosalia, de Curros e de Pondal —mas a sua paixão era Amado Carvalho.

Conhecemo-nos em 1932. Já nom me lembro se foi na tertúlia que se reunia no "Café Regina" —na "Calle de Alcalá"— arredor dos Deputados Galeguistas das Cortes Constituintes; Castela —amigo do meu pai, dos seus tempos de estudantes de Medicina, de Santiago— Suárez Picalho, Vilar Ponte, Otero Pedrayo e Elpidio Vilaverde, à que concorria também Ramón Cabanillas; ou se foi em casa do Encarregado de Negócios do Chile, Carlos Morla —que era amigo de Lorca e de outros poetas de Geraçom de 27. O que sei é que nos fixemos amigos e que até aos fins de 35 convivemos bastante regularmente. A vida dele era um tanto quanto misteriosa. Eu nom sabia bem de qué recursos se sustentava, pois à nessa época tinha deixado de trabalhar com os irmãos nas perigosas acrobacias eléctricas do "neón".

Por anacos fragmentários de conversa, cheguei a saber que vendia, irregularmente, apólices de seguros; mais frequentemente espaço publicitário de obscuras revistas; e num dado período, uma enclopédia hispanoamericana —cujos

Evocação e testemunho

Quem foi Serafim Ferro

exemplares de amostra devorava de noite, leituras essas das que lhe vinham certos conhecimentos de matérias esotéricas com que por vezes me surprendia. Fixo também pesquisa na Hemeroteca Municipal, para um livro dum figuron republicano, que lhe pagava miseravelmente. Em todo o caso, vivia duramente —e a sua roupa, sempre muito atilada, delatava o uso prolongado. Porém, nunca o vim desastrado, nem de barba cescida. De tempos a tempos desaparecia, em longas ausências. Pareceu-me que voltava à Corunha, para visitar os pais velhos, que a adorava. Viajava de "polizón", na primeira do rápido. É umha vez, de regresso, contou-me, inesquecivelmente, porque era um "raconteur" nato, a aventura que tinha passado, fugindo do revisor, deitado e inteiriçado, no meio da noite, no tellado de um vagom, mais de duas horas, pola glacial estepa leonesa.

Era pequeno e forte —e de uma grande corage moral e física, nom sem uma certa agressividade, que às vezes nom conseguia dominar.

A sua delicadeza no trato com os amigos era impecável, com uma refinada e natural polidez de maneiras, nada aprendida. Era de uma dignidade insubornável e mui generoso: quando tinha —que nom era amiúdo— dava, com mao pródiga. Podia ser —e era em ocasiões, com tipos dos que nom gostava— sarcástico e ferinte, apesar da bondade essencial do seu fundo anímico. A sua formação radical acrítica fazia que abominasse qualquer forma de totalitarismo estatal, reaccionário ou revolucionário. Desconfiava instintivamente de qualquer fórmula de salvagem colectiva. Costumava repetir: "Paraíso houvo só um —o Tereal foi possível porque estavam sós um Homem e umha Mulher, na Natureza. Logo que prociaram, Caim mata Abel, e assim foi até hoje; e assim será para sempre". Para ele o Estado —e a Igreja— representavam o crime institucionalizado, "um horror, —dizia: de Marx nasce Stalin e de S. Paulo, Torquemada". Uma vez, na Cibele, em 1934, dirigiu-se a um grupo das Juventudes carrilhistas que passavam, berrando "slogans", com este apóstrofe paradoxal: "O Marxismo é o ópio do Povo". Fumos imediata e tumultuariamente agredidos e armou-se uma liorta dos mil diabos, da que acabamos contusos na Comissaria —nom sem Serafim ter esboralhado consideravelmente o nariz do primeiro atacante.

So lhe conhecim uma relação amorosa dumha certa durabilidade —uns poucos meses— em 1933. Era umha rapaza, de nome Catuxa, linda e semi-analfabeta, da montanha de Lugo, que trabalhava no nauseante serviço de limpeza dumha fábrica de curtumes de Carabanchel. Viviam juntos —foi o único domicílio de Serafim que vi— num quarto que era um covil, numha ruela fedorenta perto da "Plaza de la Cebada". Tinha, como únicas aberturas a porta de entrada e umha fiestrinha que dava a um lóbrego corredor. Dentro: um catre, dous taborettes e duas maletas abertas a transbordar de livros. A parede do fundo —que era a do catre— estava quase inteiramente coberta por umha grande reprodução a cores do "Jardim das Delícias", do Bosco. "Qué che parece a vista que temos?" dixo, com aquele sorrisinho irónico dele. "E sem saírmos da cama?"

Poetava com prodigiosa facilidade —e era mui permeável às influências. Possuía, porém, um cerne lírico de inequívoca originalidade. Usava exclusivamente o galego. "A única língua poética é a do primeiro conhecimento, quando o mundo é ainda inédito" —afirmava. Compunha constantemente, poemas que umha ver

terminados e memorizados raramente escrevia: polo geral, breves. Quando mais longos, os garatujava em papeis marginais, que mais tarde, fatalmente, perdia. Dizia que a poesia era "para consumo interno".

Quando naquele trágico verso quente de 1936 estoupou a revolta fascista, Serafim estava na Corunha. Lembro-me vagamente de que tinha falado de que ia fazer parte de um grupo que estava tentando organizar uma "Companhia de Ballet Galego". O noso encontro seguinte foi em 1938, em Barcelona. Vestia o uniforme de Tenente de Carabineiros. Ia acompanhado de Andrés Mejuto, Capitán do mesmo Corpo —e amigo comum. Achei-no muito mais magro e com mau aspecto. Mejuto contou-me a história: Quando Serafim viu que ia ser chamado às filas do Exército franquista, alistou-se na Legião. E em 1937, encontrando-se nas linhas avançadas no cerco de Madrid, na "Casa de Campo", aproveitou à noite um intre favorável para —como tinha planeado passar-se às trincheiras republicanas. De rastos, e com o seu armamento, atravessou o "no man's land". Mas quando estava já quase a salvo, do nosso lado, virou-no do outro, e um tiro de metralhadora atingiu-no no peito, furando-lhe o vértice do pulmão direito. Passou longos meses hospitalizado. Dado de alta, ingressou nos Carabineiros. Essa ferida era já, porém, a marca do dedo da Morte. Durante esse ano de 38 esteve com ele repetidas vezes. Encontravamos-nos na "Oficina Galega", que funcionava dentro do "Comissariat de Propaganda de la Generalitat de Catalunya", xefiado pelo meu amigo Jaume Miravittles. Essa "Oficina" publicava umha revista, NOVA GALIZA, dirigida por Rafael Dieste e da que eram redactores Floréncio Delgado Gurriarán e Ramon Valenzuela. Destinava-se aos combatentes galegos do Exército Republicano.


Nela aparecerom vários poemas de Serafim. Um deles continha umha belíssima imagem, que provocou outro meu marinho fuzilado", com esta dedicatória "A noite de três côres de Serafim Ferro". Por aqueles dias já tinha umha tos desgarrada e pertinaz que nom augurava nada de bom. Depois foi a Diáspora da derrota —e perdí-lhe a pista. Até a década de 50, em que, em Nova-Iorque, onde eu residia, Octávio Paz e Finke Arquistain, que vinham do México, me falaram dele, contando-me das suas bebedeiras épicas, de mortífero tequila, com estrondosas brigas com "pelados" igualmente mortíferos, nas noites turbulentas das cantinas da Capital azteca. A tuberculose já senhoreava o seu organismo, desastrosamente. Numha visita ao México —em 1957, ou 58— indaguei sobre o seu paradeiro. Estava internado na clínica hospitalar da "Beneficencia Española". Fui visitá-lo. Era já uma sombra. Tossia despedaçadamente num lenço —que ficava vermelho. Falou animadamente. Rebelde sempre, insugiu-se agora contra a Morte. Tinha toda a sua esperança num pneumo-torax. De saída, falei com o médico que o atendia: "Nada havia a fazer, caso perdido.

Pouco lhe restava". Durante o mês que ali passei fum vé-lo com regularidade. Estava sem dinheiro, sem roupas, —sem visitas. "O medo do contágio, filho, afasta os amigos. So a Lupe é-me fiel. Pero, coitada, nom tem onde cair morta". (A Lupe, sentada no chão, ao pé da cama, contemplava o seu amor, com os seus olhos indígenas fixos nele, com lealdade canina). Levei-lhe roupa, doces, laranjas —"gostava tanto delas e eram tam caras, caracho!"

Voltei para os E.U.A. Escrevi-lhe. Respondeu-me, desesperado. A carta seguinte foi-me devolta, por "imposibilidad de entrega, por fallecimiento del destinatario". No meu livro LUA DE ALEM-MAR, aparece um poema intitulado "Alalá do Amor do Mar, cantado polo Vento", dedicado "A Serafim Ferro, vivo ou morto —que nom sei". Ainda nom sabia. Depois soube: que fora enterrado como indigente, na vala comum. Igual que Anon. E como este uma grande e nobre alma de poeta, derrotado pola vida. Alma ardentemente galega, na sua saudade, no seu humor, na sua valiosidade e luminosa varonia, e na sua libertária universalidade. O libérrimo discurso do seu pensamento, e a sua complexa e ricaz fantasia, aunadas à vibratidade, violenta e frágil, de seu temperamento, tornavam-lhe impossível a adaptação às formas convencionais do viver social. Nasceu para obscuro malabarista da vida, e despenhou, com valor e ironia, o árduo papel dessa sua voluntária aventura acrobática —sem empenhar no jogo a dignidade, cujo penacho manteve sempre algo até à morte. (*)

(*) O menos que a sua memória merecia era que se coligissem os versos —poucos com certeza— que deixou impressos, e se fixesse com eles uma plaquette. De entre todos os homes de letras que o conhecerom poucos se lembrarom da sua figura. Um deles foi Carlos Morla, quem, nos parece recordar, a ele se refere em varias páginas do seu livro *En España con García Lorca*, tam

eivado de maledicências, algumas francamente caluniosas. Nom o temos a mao para conferir, neste momento. Outro foi Eduardo Blanco-Amor, em dous artigos, cujo conhecimento, recente, devemos à amabilidade do Professor Xesus Alonso Montero ("Léria com Eduardo Blanco-Amor". (Entrevista com Carlos Casares). GRIAL, Vigo, 1973, Nº 41, Xulho-Setembro, pág. 343; "Federico, outra vez —la misma vez". *El País*, Madrid, 1978, Domingo, 1 de octubre, pág. VII). Teria sido preferível que Eduardo se tivesse esquecido de Serafim, pois a silueta que lhe traça, é, inexplicavelmente, infiel, hostil e insidiosa. O qualifica de "gofillo intelectualizado" e de "lector de um solo libro" —os *Cantos de Maldoror*, de Lautréamont— ambas cousas longe, bem longe, da verdade. Mal o conhecia —e pior o inventou. O episodio completo que dá como acontecido em "La Ballena Alegre", de Madrid, no que entramos como personagens ele, Serafim e eu —em relação à suposta candidatura do Eduardo para o papel de protagonista de gorada produccion de peça de Lorca *Así que pasen cinco años*, polo "Club Teatral Anfiteatro", —é pura fantasmagoria, de ponta a ponta— com equívocas falsedades a respeito dumha também suposta amizade entre Serafim e Luís Cernuda. Do pouco que o Eduardo sabia de Serafim dá prova o feito de o fazer morrer com 35 anos —dez menos dos que tinha quando deixou o mundo. Eduardo tinha o pendor de "adornar a realidade", como bom ficcionista que era. Eu próprio nom deixei de ser objecto, nesses e outros artigos, da propensão blanco-amoriana de fazer a Vida imitar a Arte. Para poder mistificar-me, num "pronto arcangélico", nom hesita em mistificar as minhas realidades físicas, enfeitando a minha mocidade com "un alboroto dorado y ensortijado sobre la frente" y uns nom menos fabulosos "ojos azules". Ora bem, o cabelo que eu tinha, e que —ai!— perdí em castanho e apenas levemente ondado; e os olhos que tinha —e graças a Deus ainda tenho— eram, e continuam a ser, também castanhos. Fai-me ver a luz "en el Alto Sil, en cuya Pueblo del Brollón era nacido" —quando ele estava farto de saber que eu era ferrolano, recriado no Val de Quiroga. Nom param as suas fantasias, mas para amostras bastam estes botons, —como testemunhos dos caprichos da sua imaginação. Deus lhe terá perdoado estes pecadinhos, e outros, em graça às muitas virtudes superiormente positivas da sua cintilante personalidade de home e de artista.



libros

Memorial de brancura

Miguel Anxo Fernán-Vello
Esquío-Ferrol, 1985

Ao remate de ler o presente libro a primeira conclusión á que chegará o lector —avisado por Luciano Rodríguez— é que o terceiro libro de Fernán-Vello forma parte dunha triloxía, quer dicir as dúas anteriores entregas do noso poeta e máis a presente son un só libro feito en varios anos, cómpre con todo matizar que Fernán-Vello non é (como Ramiro Fonte, para nos cixir ao ámbito galego) autor dun único poema (1). Mais sobre todo o que axiña golpeará ao lector é o sentido de ciclo pechado, de tempo realizado que deita o poemario. Quer dicir, este Memorial de Brancura é o peche (no de balanceo e perspectiva que ten todo peche e todo memorial) dun ciclo, dun tempo na obra dun poeta. E, para ser realistas, quer dicir, imaxinativos, cómpre subliñar que unha cousa está realizada, que unha cousa só é realizada mediante a realización dun abandono (e a redundancia é buscada a man tenta). Conclusión final?: os novos poemas de Fernán-Vello, os que veñan logo deste libro —se non levan

teriores libros de Fernán-Vello, división. O volume divídese en sete libros. Uns de máis interés que outros (tomados en conxunto, a min a parte que máis me emociona é "Sete cantos de amor amado") mais sempre dunha grande calidade, e dunha coesión interna que amosa, a cada intre, o grande traballo de creación poética que levou a cabo Fernán-Vello. Dixemos antes que o poeta non acadaba ás veces unha grande perfeición formal, mais certos libros (os citados sete cantos e máis tres poemas que comezan "o corpo é ser...") amosan unha sabedoría poética e construtiva que din ben que Fernán-Vello pode ser un requintado sen que iso lixe a súa poesía de inintexibilidade, como acontece maiormente. O poeta leva a linguaxe a tais graus de poeticidade que o lector-participante-comungante queda coa respiración entrecortada, pois ler é —como o amor— un acto físico-intelectual, sobre todo ler poesía, e Fernán-Vello sábeo (e como no amor, a parte física da poesía ten moita, moitísima importancia, xa que o pracer é sempre físico, non si?).

Podíamos falar doutras cousas, por exemplo, cando vin por primeira vez o libro (era o exemplar de B. Losada) abríno ao azar, lin un verso: "son os rostos amados polas flores do vento", do poema "Quero e devo falar dos rostos das mulleres". Penso, parafraseando ao Abbé Bremond, que este verso podía ben salvar o libro, mais aquí


andando a terra

No centenario do pasamento de Rosalía

No ano en que andamos é o do centenario da morte de Rosalía, como todo o mundo sabe. O oficialismo do país conmemora a data con discursos valeiros e cunha faramalla retórica anacrónica e triste. Con palabras que non fan compañía como diría Salvador Espriu, tan devoto lector de Rosalía. Toda a algarabía, pagada co diñeiro dos galegos, quedará en fume de pallas. En inútil oquidade sen senso.

O oficialismo en Galicia, honradamente e no fondo da súa conciencia, non asume nen a persoa nen a obra de Rosalía. O que é perfectamente lóxico. Hai versos rosalianos totalmente anticonstitucionais. E eso non se traga, aínda que abran ben a boca. O que acontece é que fan a vista grossa. Como Rosalía xa non pode defenderse, cando se refiren ao conflictivo da súa obra, os bempensantes, dicen que foron unhas arrautas, que os xenios son así un pouco tolinos mais no fondo bós rapaces e onde Rosalía dixo que si o que verdadeiramente quería dicir era non. Comi si ela non fora capaz de espresar o que quería espresar e do xeito esaiito que o quería espresar. E enmédanlle a llana. Menos mal que aínda non fixeron con ela as atrocidades que cometeron con Otero Pedraio ou con Vicente Risco. Ademais de corrixir-lles a sintaxis, a puntuación e o vocabulario, mutilaron a obra, sen avisar da defnouca, como aconteceu co *Mitteleuropa*, de Risco, reeditado non hai moito. Despois destas fechorías aínda se presentan como gardas, salvadores e beneméritos da cultura galega. E como xente aberta, tolerante e democrata. O tráxico é que estes *braguetos* —non coñecemos mellor palabra pra nomealos— son os que, entre nós, teñen tódolos trunfos nas súas mans. Pese a eso aínda fan trampa. Non se astreven a mostrarse tal e como son. Ao mellor a procesión, pese a todo, ándalles por dentro. ¡Calqueira sabe!

Voltando a Rosalía moito nos tememos que, neste ano do centenario da súa morte, non intenten enterrala de vez. Mentras viviu foi vítima de incomprensións e injusticias. Así que morreu comenzou a súa asimilación. Primeiro non



deixaron descansar os seus restos mortais no cemiterio de Adina, que tanto amaba e tan fonda e fermosamente cantou e no que ela, sen dúbida, desexaba permanecer. Despois viñeron as mistificacións, as seudogratificacións, o tristísimo e noxento seudofolklore rosaliano, sostido por reaccionarios necrófilos, alonxados e mesmo nemiños da cultura galega viva e operante. Agora vai chegar a seudopoteose de toda esta miseria.

Pese a que Rosalía viviu aínda hai cen anos non existe unha boa biografía súa. Unha biografía documentada, que esclareza moitos puntos escuros da súa vida. Fermín Bouza-Brei e Trillo gastou moitas horas da súa existencia investigando, con teimosa e rigor, a biografía rosaliana. Pese a dar a luz moitos datos e moi valiosos, a maior parte das súas esculcas quedaron inéditas. Lembramos ter ollado, no despacho do seu domicilio da santiaguesa Rúa do Vilar, moitas e grosas carpetas que, según nos dixo, tiñan noticias referidas a Rosalía. Entre os descubrimentos de Bouza-Brei salientan a localización dalgunos domicilios que a poeta tivo en Compostela, a súa relación con escritores da época, noticias sobre os pais da escritora, etc. Bouza-Brei tennois confidenciado algunhas debilidades de Rosalía, das que, sen dúbida, tiña probas documentais. Bouza-Brei era un home serio e responsable e, cando afirmaba unha cousa, non o facía a lixeira nen falaba por suposición. Entre as cousas que nos contou, unha chamou-

nos a atención. Non sabemos si don Fermín Bouza-Brei publicou ou non este descubrimento. A noticia a que nos referimos é que Rosalía tivo un irmán, unhas anos máis vello que ela e morreu de moi neno. Era fillo de don Xosé Martínez Vioxo e de dona Teresa Castro e Abadía, é dicir: os pais de Rosalía. Sendo así os proxenitores de Rosalía mantiveron unhas relacións longas e estabes, dentro da anómala situación social desta unión. Tamén lle sentimos dicir a Bouza-Brei que Rosalía coñeceu e tratou a seu pai. Moitos dos descubrimentos relativos a Rosalía, feitos por Bouza-Brei, utilizáronse sen citar as fontes. Sería interesante que alguén orgaizara todo o material que Bouza-Brei tiña sobre Rosalía e se publicara. Sería un importantísimo servizo prestado a cultura —e nonsó a galega— e o mellor homaxe que se lle podía facer a Rosalía neste centenario do seu pasamento.

A ver si por fin este centenario serve pra que se publique a biografía completa de Rosalía, da que tan necesitados andamos os seus lectores de sempre. Sabemos que alguén está a preparar un estudo crítico da súa obra. Ben chegado sexa. Estes traballos clarificarán a faramalla confusionista e deshonesta dos botafumeiros oficiais. E, por favor, que os salvadores e rendedores da cultura galega non fagan unha edición da súa obra corrixindo o que xa non ten corrección posíbel. Que está ben como a súa autora o deixou.

M. HORTAS VILANOVA

J.A.M.

cine

Nun lugar do corazón

The great America, chico! O filme ábrese coa benzón dunha mesa familiar, na que o pai recorea que non debemos desexar aquilo que non podemos ter, e acaba cunha cerimonia de eucaristia relixiosa onde se xuntan bons e maus, brancos e negros, os cegos e os que ven, criminais e asasinados... Oh, that's very beautiful, verdade que si? E entremeio destes dous actos comoventes pois pasan cousas. Por exemplo, un mioneta. A viúva do sheriff branco protexe e emprega a un negro que lle roubou os cobertos de prata. O negro, agradecido, axúdalle a salvar as súas terras nunha lección de todos xuntos unindo os nosos esforzos chegaremos lonxe, e coas terras salva a herdade e a unión familiar. Incluso hai un adultério, por parte da mestra, que decide marchar da vila despois de tomar un tornado pouco menos que como aviso da cólera como lo que *El Señor nos manda*, como canto lacrimoide de optimismo e solidariedade para sacar adiante unha familia, unha nación. Qué dicir, poñamos por caso, desá esca na que o neno pede o castigo que merece... agradecidísimo porque acadada de recibir vintecinco dólares de mans da señora, apesar de que esta non ten obriga de pagarlle un centavo, pois el traballa pola comida—. E a señora, que se inteira da malla, acude correndo, e qué credes que pasa? Nada. Agradécelle ao negro a súa axuda e déixao partir como



quen di a vida éche así. Moses, qué lle imos facer. E logo o broche definitivo, alucinante, esa cena con todos xuntinos na igrexa, en simbólica metáfora, comungando ditosos despois de ovivren a palabra de deus, que ao fin volveu, como Reagan desexaba, á escola e á familia unindo a todos os americanos baixo o seu teito. E agora imaxinade se non resulta lóxico que esta historia relixiosa e acrítica e superficial levase o Oscar ao mellor guión orixinal. En canto á interpretación de Sally Field, Oscar á mellor actriz,

pois, home, cumpre. Pero interpretacións desta calidade hainas a embute.

Cabe destacar, por último, o bon aproveitamento que da paisaxe de Texas fai o fotógrafo español Néstor Almendros.

Places in the Heart. USA (1984). Dir. e guión: Robert Benton. Fot: Néstor Almendros. Mús: John Kander. Mont: Carol Littleton. Int: Sally Field, Yankton Hatten, Gennie James, Danny Glover, John Malkovich, Amy Madigan. Drama patriótico con tinte épico. Para usófagos e choróns en xeral. Tamén para desvergoñados con ganas de coña.

a pegada da nostálxia do tempo ido—, han ser diferentes. Mais mentres tanto falemos deste volume que temos nas mans e que foi Premio Esquío 1984 en dura competición.

Diciamos que o presente volume pecha un ciclo, e o pecha sobranceando os dous volumes anteriores, quer dicir, aquí hai moita máis poesía. Terceiro volume dunha triloxía, o presente ven confirmar todas as esperanzas postas en Fernán-Vello. O poeta de Cospeito a cada poema esixese máis (e esixe ao lector, xa que logo) poeticamente, e formalmente, inda que a súa non-perfeición formal é unha das bazas ao seu favor, como acontece, por exemplo, no poema *Soneto* que ao remate non é un soneto (outra vez danos un, para min pésimo poema, é o primeiro da serie "ausencia do corpo", debido, tamén a imperfeición formal). E esta esixencia danos un único libro en múltiples poemas: daí a repetición de palabras e conceptos: "as mulleres que percorren a cidade" —nen expresado así nen isto literalmente— é unha das constantes que atravesan moitos poemas, e é que as mulleres que pasan, "os rostos que iluminan", "os seus corpos que son como séculos" son sempre ela, e ela travesa o libro inda que sexa pluralizada, non esquecer ao remate o poeta nos dirá: "elas non están na miña clara soedade do bosque" o que dá significado ao título (como ben sinala L. Rodríguez): Memorial, quer dicir pasado?, talvez, mais cun ou outro futuro pois no mesmo poema o poeta nos dinos: "Elas non estarán na miña clara soedade da noite?". Hai aquí, tamén, como nos an-

todos (menos dous) os poemas salvan o libro convertendo este Memorial de Brancura nun dos grandes libros de poesía galega nos últimos anos. E, afirmamos, Fernán-Vello, a súa poesía, é moito máis: é unha forma de coñecimento, é,

sobretudo, a experiencia dunha existencia (fin de toda poesía), é —como toda grande poesía— descripción do mundo (o que une poesía e ciencia): "Pasan as maes nas ruas da matinal cidade con labirintos de intima luz nos ollos", "cando pasan os seus corpos que son como séculos", "da brancura que eu penso das caricias incéndio", "hai segredos de estrelas como os seus ollos grandes", "tece un veu ondulante de silencio e ocase", etc. fannos sentir o poema, non quer o poeta (como os maos poetas) prsuadirmos de nada, só que usemos os seus poemas como experiencia, como descripción, como sensación (sentimento) do mundo. O poeta acadou as máis altas cotas e a súa linguaxe anormal confundíuse, fundíuse, coa da ciencia para que fóssemos capaces de coñecer a verdade. Agora só cabe prescindir de todos os que non sexan o poeta e introducirse nel, no poema, na poesía.

XESUS GONZALEZ GOMEZ

1) Poema único e diverso á vez, partes do Poema, voltas a variacións arredor da Grande Obra (no sentido alquímico) que todo poeta, todo escritor moderno está empeñado en facer.

Notará o lector que non fixen referencia ao limiar de Basilio Lsada: non podía falar del, a súa glosa do libro no terreno amoroso é total, só compre que o lector o lea ao revés, quer dicir, logo de ler os poemas e así catará mellor todo o saber do prologoista.

fauna dos rios


M. CHOUZA-R. CID (SGHN)

Tourón

Denominado en Galiza cos nomes de Tourón, Furón bravo e Turón, foi antano frecuente en todo o país, sendo hoxe moi pouco numeroso, distribuíndose polas catro provincias e vivindo nos montes mestos e bosques. As veces pode achegarse ás aldeas, e facer algunha que outra falcatrada nos currais. En xeral pasa o verán nas fragas e ao chegar as épocas frias, ás veces achégase ás casas de labranza, buscando refuxio en edificacións en ruínas, lugares onde se garda herba seca e semellantes.

A súa pelaxe é aspera e longa, dunha cor escura por riba e amosando baixo estes tupidos pelos, unha densa capa de borra marela, xa que en Galiza habita o Tourón Ibérico, *Putorius putorius*, subespecie *aureolus*, caracterizada por esta borra dunha intensa cor marela. As partes inferiores son negras. A mosca das franxas converxentes brancas, entre os seus pequenos ollos e as orellas, asimismo arredor do fucioño ten tamén algo de branco. No conxunto do animal chaman a atención as patas moi curtas, sendo o corpo longo e cilíndrico, perfectamente desenhado para a vida que realiza.

É un mamífero depredador que se serve do olfato para cazar, alimentándose de ratos, páxaros e froitas, e así os seus excrementos conteñen pelos, plumas, anacos de



ósos e restos de foitas e sementes. Tamén consume coellos, ovos, peixes, rás, lagartos e cobras, podendo facer incursións en currais, como xa dixemos. Polo que se ve a súa mantenza é moi variada, como a de todos os mustélidos que son omnívoros en liñas xerais, pero cun predomínio na dieta dos roedores e anfíbios.

En xeral é silencioso, podendo berrar e chiar. Diferénciase do berrro da Foina (*Martes foina*) en que esta o ten finíño e penetrante, mentres que o do Tourón é máis bronco.

Vive o Tourón no monte meste, fragas, monte baixo, aproximándose algunhas veces ás zonas antropógenas, e con gran frecuencia atopámoos unidos ás masas e cursos de auga, daquí a razón de incluílo nesta sección nosa da "Fauna dos rios".

De costumes solitarias e nocturnas, busca refuxio nos ocós, como poden ser os tobos dos raposos abandonados ou grietas nas rochas, podendo visitar cara o inverno construcións humanas.

No aspecto da reprodución, aparéase cardo Marzo, durando a xestación unhas seis semanas, nascendo unha só camada ao ano con cinco pequenos, que en xeral quedan coa nai até o Outono, acadando o aspecto dos adultos, rompendose logo a familia.

O macho chega a medir entre a cabeza e o corpo uns 40 cm, cunha cola duns 18 cm. O peso pode acadar os 2 quilos, sendo a fémia un pouco máis pequena.

É característico desta especie a presenza dunhas glándulas anais, que producen unha secreción de cheiro desagradábel. Os seus excrementos son asimismo malcheirantes e os deposita en lugares non destacados, polo que non os emprega para sinalar o seu territorio, todo o contrario do que fai a Algaria.

Antigamente foi domesticado para colaborar co home na caza, dando lugar á raza chamada Furón, sendo esta unha subespecie (*Subsp. furo*), moi empregada polos furtivos, dos que tanto abundan hoxe en día.

Os Touróns atopan ás veces a morte por cazadores e homes de campo, e tamén sofren atropellos polos coches nas nosas estradas.

É curioso o feito de que un lugar na provincia de Pontevedra fai alusión ao seu nome.

os nomes dos lugares



As Illas Cies: unha primeira aproximación

Das Illas Cies, esa fibela de terra que fecha as augas da ría de Vigo, tense falado moito; isto débese a que, ao fenómeno das illas podémonos achegar desde puntos de vista moi diferentes:

Para os que as queren disfrutar como turistas, atopan nelas un combinado de terra, mar, areas e silencios que callan ali dun xeito tan particular que fan do seu ambiente algo tan intransferíbel que non pode atoparse en nengunha outra illa.

Para os ecoloxistas representa unha enorme reserva de aves mariñas coas gueivotas e os araus aniñando nos seus enormes farallóns.

Tamen os buceadores investigan aqueles fondos, onde á riqueza marisqueira e piscícola hai que engadir os numerosos achádegos arqueolóxicos, que por certo, van parar a mans de particulares, coa conseguinte perda para o coñecemento do noso pasado.

Historiadores e arqueólogos, teñen tamén traballo abondo para desentrañar o pasado destas illas que viron chegar aos gregos, latinos, normandos e sarracenos.

Aquí, imos achegarnos ás Cies pola vía do seu nome, e de paso facer un pequeno exercicio histórico, sabedores de que moitas veces no nome dun lugar está oculto o seu sentido primeiro, a súa prístina orixe.

As illas Cies son dúas illas ou se queremos tres como xa contabiliza o P. Sarmiento, debido a que a máis grande podémola considerar formada de dúas partes unidas por unha fita de area que é a chamada praia de Rodas, orientada cara o interior da ría, e formando un pequeno e delicioso lago an entrar a auga do mar de fóra.

Para abordar o problema da súa denominación debemos proceder a unha primeira limpeza, tal como habería que facer en tantos topónimos galegos.

De primeiras pois, o nome de Cies é un españolismo que xurde de considerar, por un prexuício culturalista, que a pronuncia popular de Sias débese a unha particularidade de seseo local; a cousa non é así pois o nome de Sias é o que utilizan os documentos medievais pontevedreses ao referirse ás illas, e é Sias como aínda hoxe lle chaman os mariñeiros do Morrazo.

Así pois, este nome de Sias é o verdadeiro e así lle chamaremos a partir de agora.

Fagamos unha primeira escolleita dos nomes con que se designaron as illas ao longo da historia.

A máis antiga referencia que se coñece parece ser a que ven en Plinio neste párrafo: "... Entre as illas hai que nomear as de Corticata e Aunios. A continuación dos Cilenis comeza o Conventus Bracarum cos helleni, os grovi e o Castelum Tyde, todos da linaxe dos gregos, as illas Siccae e a fortaleza de Aboriga".

Aquí aparecen chamadas pois, Siccas, entre as referencias a outras illas que deben ser as de Cortegada e a de Ons.

E aínda fai outra confusa referencia noutra parte: "A frente á Celtiberia hai varias illas ás que os gregos chaman Cassiterides pola súa abundancia en chumbo, e diante do Promontorium da rexión dos arrotrebae érguense seis illas Deorum, que algúns chamaron Fortunatae".

O investigador español García Bellido, opina que as seis illas dos Deuses deben ser as seis illas costeiras galegas ás que chamarian Afortunadas igual que ás illas Canarias, por unha imprecisión de nomes e certas concordancias con outras terras.

Esas seis illas que cita Plinio poderían ser: dúas ou tres Sias, unha de Ons, Cortegada e Arousa e mesmo a península do Grove, que podía ser contabilizada naquel tempo como unha illa; todo isto sen contar as máis pequenas como A Toxa, Sálvora, Onceta, etc., que constituen o arquipélago galego da parte Sul.

O P. Sarmiento, que tamén lles chama illas de Baiona, di que os romanos déronlle os nomes de Insulae Deorum. Cicae e aínda Ciccaearum, e cita un documento dun pontevedrés que no ano 1420 fai unhas mandas no seu testamento para os monxes que habitaban no convento de San Estebo de Sias; eran aqueles tempos en que os eremitas se retiraban ás illas Sias, Ons, Tambo ou A Illa do Home Santo, de nome ben ilustrativo.

Tamén se lle chama nas cartas de navegación Illas de Vigo ou das Palomas, supomos que polo abondoso das aves mariñas nos seus farallóns.

Por fin, para explicar o nome das illas haberá que facer a decrua entre todas as denominacións que se lle foron dando ao longo do tempo: Siccae, Ciccaearum, Deorum, Fortunatae e tamén mais modernamente, de Vigo, de Baiona ou das Palomas.

Mais ese será un traballo que faremos nun próximo artigo.

C. VARELA

músicos de galiza

XOAN M. CARREIRA

Alberto Garaizábal Macazaga

(Donostia, 7-XII-1875. A Coruña, 13-XII-1947).

Organista, Director de Orquestra, Compositor e Pedagogo. No Conservatorio Municipal de Donostia cursou os estudos de piano, órgano, harmonía e composición. No 1895 é nomeado organista da Igrexa Parroquial de Zumárraga. Fiel alumno e colaborador do P. Nemésio Otaño, vai participar desde o 1907 no movemento restaurador da música litúrxica colaborando na revista "Música Sacra Hispana", onde publica varias obras. Vai ser o P. Otaño quen o anime a se facer cargo da praza de organista na Igrexa do Sagrado Corazón da Coruña, cidade na que se instala no 1914.

Cando se publiquen a monumental biografía de Nemésio Otaño que ten xa rematada o P. López-Calo, coñecerase en detalle a grande vinculación que Otaño tiña con Galiza —o seu "Cancionero de Galicia", desgraciadamente dase por extraviado— e o labor de Garaizábal como correspondente seu aquí. Nese sentido, a dedicación primordial á música litúrxica non impedeu que tivese unha crecente participación na vida musical coruñesa, sempre defendendo criterios de creación de estruturas profesionalizábeis sobre as que edificar unha sociedade musical, conforme aos novos sistemas sócio-



económicos do período de entre-guerras —coincidindo coas iniciativas que tentou en todo o Estado N. Otaño—; no 1933 faise cargo da dirección da Agrupación de Instrumentos de Arcos da Sociedade Filarmónica, que transforma en 1934 en Orquestra Filarmónica da Coruña. No 1935 transforma a Escola de Música da Sociedade Filarmónica —criada no 1917 por Canuto Berea Rodrigo— en Conservatorio Rexional de Música, e logra parcialmente os seus anxeos cando no 1942 o Centro é considerado "Conservatorio Profesional de Música y Declamación", a enfermidade impedeulle seguir adiante cos seus proxectos de crear un Conservatorio Estatal e unha

Orquestra Sinfónica Municipal, e o seu último acto público sería a presidencia do Tribunal para designar Director da Banda Municipal recén criada —cun Regulamento ao que se opuxo Garaizábal.

A faciana máis importante do labor de Garaizábal como músico práctico foi a da improvisación ao órgano, achegándose a importantes niveis de calidade segundo os testigos cualificados. A súa obra compositiva revela un absoluto dominio da técnica contrapuntística, utilizándoa incluso nas dúas pezas corais galegas harmonizadas a seis voces —como harmonizar Otaño "Negra Sombra". Ten importancia a obra relixiosa en castelano para o estudo —planteado por X.R. Barreiro— das asociacións católicas do momento, trátase de himnos e marchas como é habitual. Loxicamente é na música en latín onde Garaizábal amosa a mestria técnica sempre dentro das indicacións do Congreso de Valladolid.

Obras. —Orquestra: "Preludio-Canción" Organo: "Preludio-Canción" e "Andante y Meditación"; "Andante sostenuto" e "Comunión"; Piano: "Ofertorio e fughetta"; "Tres danzas" (Fandango, Minuetto e Gavota). **Litúrxica en latín:** 12 obras. **Relixiosa en castelán:** 14 obras. **Coral en galego:** "Meus pensamentos"; "Os anxeiros da gloria"; "Foliada de Calara"; "Coro de Peregrinos" e "Coro de probes". **Cuarteto de Tixistus con atabal:** "Contrapes" y "Antxiñeko abestija".


Bibliografía: Ramiro Cartelle Alvarez: "Garaizábal" en Gran Enciclopedia Galega; Adolfo Anta: "El maestro Garaizábal en el centenario de su nacimiento" en Abrente n. 7, A Coruña 1977. No prelo: José López-Calo: "Biografía de Nemésio Otaño"; Xoan M. Carreira: "Alberto Garaizábal Macazaga (1875-1947)".

Fontes: Arquivo familia Garaizábal. A Coruña. Euskal Ereslarien Bilduma, Rentería.

NOVIDADES



Traducción introducción e notas X.R. Rodríguez Fontao M^a Dolores Casal Ríos



As Aventuras de Tom Sawyer de Mark Twain

Introducción traducción e notas Teresa Barro Fernando Perez Barreiro



Alicia do outro lado do espello de Lewis Carroll

a colección xuvenil de



edicións xerais de galicia



alguén, no faiado

O soborno de Arturo

MANUEL RIVAS

Abriña o buzón por casualidade. Raramente había carta e moito menos dirixidas a el na súa calidade de porteiro de fútbol. Ese era o destino do sobre, escrito en trazos grosos, "Arturo Chousa, el relámpago de Elviña". Nervoso e desconcertado, contou até cincuenta mil pesetas. Unha nota adxunta, sen firma nen data, aconselláballe non esforzarse no partido do domingo contra o Sporting Mesoiro. A cantidade que agora recibía era un adianto, de perder por goleada o equipo serialle enviado un talón por importe de cen mil pesetas.

Todo aquilo pareceulle excesivo. Endexamáis cobrara un peso, nen por gañar nen por perder. Era o modesto porteiro, albañil de profesión, dun modestísimo equipo de fútbol da liga das Mariñas. Os mesmos xogadores pagábanse as botas, os desplazamentos e só tiñan dous balóns de reglamento para entrenar. Nunha ocasión, cando derrotaron ao Olímpico de Rutis, na VII Copa Fantasía, con trofeo donado pola Coca-Cola, co gallo das festas, o propio presidente obsequioulles cun xantar, máis que nada por que os sogros eran de Rutis e sentíase feliz con aquela vitoria moral. Moi semellante era a historia do Sporting. Nengun dos equipos ia ascender nen tampouco baixar, porque máis aló das Mariñas, tampouco en fútbol, hai nada.

Repasou os billetes, releu a nota. Lembrou un caso semellante, o de Montes, metá do Real Clube Deportivo de A Coruña, na Segunda División española. Ante o intento de soborno, Montes presentara denuncia de inmediato en Comisaría e aparecera moi doido ante a prensa só porque alguén xogara coa súa honestidade. A Montes enviáranlle duascenas mil pesetas, menos cartos dos recibidos por Arturo Chousa. Decidiu seguir o exemplo do profesional e dirixiuse ao cuartel da Garda Civil.

Era o serán cheo de brillos e sombras encendidas dun sábado que fora primavera nas Mariñas. Antes de acudir onde a autoridade a Arturo Chousa cruzouse a luz de neón dunha barra americana de Sta. Cristina, *Lindas Walquirias*. Várias veces desexara entrar no local, empurrado por esa forza que o home sente cando o sábado se lle vai só. Fixo contas. Gastaría uns poucos miles e o resto devolveríao, coa denuncia o mesmo domingo pola mañán.

Entrou en *Lindas Walquirias* estivo na compañía da moza que lle resultou máis atractiva, bebeu moito, até que pecharon de madrugada e decatouse que, despois de todo, estaba só, até aparcar na beira da estrada incapaz de conducir. Durmiuse no automóvil e cando abriu os ollos a luz da mañá pareceulle unha mancha de coitelos. O chan-do coche estaba inzado de extraños billetes verdes, virados amarelos.

Volver ao rego

Esta vai dos da Caixa de Aforros Municipal de Vigo (Caja de Ahorros Municipal de Vigo), e o seu calendárico a dúas línguas.

Resulta, queridos lectores, que dos doce meses que ten este ano 1985 os da Caja/Caixa van e trabúcanse en SEIS: escriben Marzal, incorrecto en galego ao tratarse dun adxectivo que non un nome, en Xunio polo correcto xuño, en Xulio por Xullo, en Setembro polo correcto Setembro, en Outubro que é a estación do ano por Outubro, en Novembro por Novembro. Compróbeño senón na edición deste ano e tamén na do ano pasado. Ou sexa que os da Caja/Caixa levan polo menos dous anos sen inteirarse. A eses seis erros hai que engadirille que dous meses máis, Abril e Agosto, coinciden en galego e en español, polo, polo que os riscos de confusión son imposíbeis. Qué fino queda señores e señoras da Caja/Caja repetir Abril/Abril e Agosto/Agosto. E que queda finísimo.

Indalecio Pintos
Cangas (Pontevedra)

Comezou a II Carreira, na cidades dos príncipes decaídos

Con reivindicación e deportividade

I
Praza de Maria Pita. A Coruña. Perto de onde nasceu A NOSA TERRA e a primeira das Irmandades da Fala de Galiza. Mediodía do domingo, 21 Abril. Roupas deportivas. Forte vento que acompañará as rimas trazadas cos pés dos poetas no asfalto. As margaridas que medran á beira dos fachos modernistas, ollaban con boa cara os sons de violíns e gaitas que asomaban polas reixas dos amplificadores, instalados grácias á boa disposición dos funcionarios municipais. Un pano amarelo sostido na fachada do pazo do Concello por mor dunhas obras de limpeza, convértese en metáfora da ignorancia que o Municipio regalou aos organizadores da II Carreira Popular en Defensa do Noso Idioma.

II
Finais de Maio. Todo a ponto. Traballadores galegos a conta do ouro de Madrid, apresúranse. Xa falta pouco. Os tanques terán que chegar ao centro da cidade formando en rexa marcialidade. Houbo que desbaratar os xardíns que conformaban as medianeiras do Arco, desde A Palloza até A Mariña. Alá foron vexetais que daban unha imaxe estética menos agresiva, mudados por un verde algo menos evocador. Virán en fia de dez, ao berro forte da primeira espada. Os provincianos virreis da praza celebraron o 17 de Maio coa mediocridade que sempre os caracterizou. Agora dan prácemes a homes que mantiveron a prepotencia xurdida dunha guerra provocada por un infeliz fracasado.

III
Os corredores da carreira popular chegan ao Mirador de Os Castros. Até ali, desde onde se divisa a faciana branca da cidade, foi a primeira etapa da volta pedestre en defensa do idioma. Defensa? Si, defensa contra un exército invasor de palabras. Dun exército de palabras que constituen unha nobre fala, pero que nestes eidos pátrios de Gallaecia está fora de lugar. Fóra de lugar porque as falas, os idiomas, son inventos populares, son cultura. E a cultura que non é exercida exclusivamente pola colectividade que a cria, pode ser —é— unha cultura imposta. As culturas pertencen somente a cada conxunto de caracteres que a universaliza e lle dá razón de ser na partitura da sinfonía mundial. O castellano, español neste caso concreto, é unha gozada de idioma, como calquer outro idioma do mundo, como o galego, o árabe e o letón. Pero hai unha só diferenza entre o galego e os outros tres: o galego é noso, desta terra pátria, e o resto non. Non forman parte do noso acervo cultural. Calquer outro, polo tanto, é imposto. Reivindicar o idioma galego como vehículo de expresión normal —sen aditivos nen pululantes— na Galiza, é así un motivo enciclopedista, racional. Simplemente iso. Quen non o entenda así, responde a un espírito medieval, estreito, sen o *aquel* que dan os tempos ás mentes. Xa é tempo de flor. Pidamos aos imbéceis que se rindan.


IV
A oficialidade coruñesa é así. Defínense polo seu complexo de inferioridade. Pobres Quixotes. Wenceslao en bata, el hijo de Wenceslao, la casa de Wenceslao, Wenceslao y el ABC, Wenceslao de pie, beba Wenceslao, Wenceslao y Franco, la vida de Wenceslao, Wenceslao y "La Coruña", Wenceslao en el bosque animado... Sucédese Wenceslao Fernández Flórez por mesas redondas ás que non se acude, por biografías de colonistas decimononos. Todo arredor dun escritor segundón de provincias que un día paseaba pola rua Serrano de Madrid cantando as glórias da "zona nacional".

—E Rosalía?, pergúntalle alguén ao concelleiro.

—Ah, si, esa que trajeron sus restos este otro año. Pero se los llevaron a Santiago. De todas formas, qué tiene que ver Rosalía con "La Coruña".



Xurxo S. Lobato



Xurxo S. Lobato

O cúmulo do embiguismo, a máxima glória do esperpento. Seguirán cos seus uniformes verdes desfilando polas tranquilas cidades, cos seus pesados ferros e as voces altivas dos mañdos condecorados. Son manifestacións de complexos de inferioridade. Mália.

V
Estaba ali a cultura viva dunha sociedade con príncipes decaídos. Xentes do teatro, da música, da política con maiúsculas, do accionismo cultural de base, da poesía, da pintura, da fotografía, do ensino, das fábricas. O Alcalde de Fene, lugar onde rematou o pasado ano a I Carreira, entregou o testigo de honra que percorrerá

todo o país até que o 19 de Maio poña fin en Lugo. Minutos antes, o poeta Fernán-Vello deu lectura ao texto dun manifesto local no que todas as agrupacións culturais da cidade amostran o seu descontento pola forma de tratar a cultura galega desde o municipio. Apláudese e outra poetisa, Pilar Pallarés, lé o texto do testigo: "Rosalía foi quen primeiro, coa súa obra, levantou a máscara dos que nos oprimen empezando polo idioma. Sigamos a Rosalía!" E a correr; ficaba inaugurada a II Carreira. A presentación do acto solene estivera a cargo de Pilar García Negro, que, á par do seu verbo, miraba a fachada do Concello, querendo ver nel un Paco Vázquez un bocadillo máis culto e racional.

L. MENDEZ